



FACULTADE DE FILOLOXÍA

Traballo de Fin de Grao

O tratamento da morfoloxía do artigo
determinado nos estudos galegos de
gramática: unha análise historiográfica

Autor: Pedro García Louzao

Titor: Francisco Dubert García

Xullo 2021

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Lingua e Literatura Galegas

ÍNDICE

1	Introdución	4
2	Descrición do fenómeno.....	5
3	As gramáticas tradicionais	7
3.1	Gramática <i>Gallega</i> , Saco Arce (1868)	8
3.1.1	O artigo determinado e o seu paradigma.....	8
3.1.2	Eufonía	10
3.2	Gramática <i>elemental del gallego común</i> , Carballo Calero (1979 ⁷ / 1ª ed. 1966).....	13
3.2.1	A etimoloxía do artigo determinado.....	14
3.2.2	O artigo determinado e o seu paradigma.....	17
4	As gramáticas do estruturalismo	20
4.1	As gramáticas dos dialectos	20
4.1.1	O proceso de inserción do artigo.....	21
4.1.2	Distribución dos alomorfos	23
4.2	Rosario Álvarez (1983) e Carme Hermida Gulías (1991).....	25
4.2.1	O alomorfo <i>o</i>	27
4.2.2	O alomorfo <i>lo</i>	28
4.2.3	O alomorfo <i>no</i>	30
4.3	As gramáticas estruturalistas	31
4.3.1	<i>Gramática galega</i> , Rosario Álvarez / Xosé Luís Regueira / Henrique Monteagudo (1986) e <i>Gramática da lingua galega</i> , Rosario Álvarez / Xosé Xove (2002).....	32
4.3.2	<i>Gramática da lingua galega</i> , Xosé Ramón Freixeiro Mato (2006)	34
5	Estudos contemporáneos	36
5.1	Número de alomorfos do artigo determinado.....	36
5.2	Proceso de inserción e segmentación morfolóxica dos alomorfos do artigo determinado.....	38
5.3	Distribución dos alomorfos do artigo determinado	40
5.4	Prosodia e clitización	41
6	Conclusións	45
7	Bibliografía	51
	ANEXOS.....	54



FACULTADE DE FILOLOXÍA



CUBRIR ESTE FORMULARIO ELETRONICAMENTE

Formulario de delimitación do título e resumo
Traballo de Fin de Grao curso 2020/2021

APellidos e nome:	GARCÍA LOUZAÑO PEDRO
GRAO EN:	LINGUA E LITERATURA GALEGAS
(NO CASO DE MODERNAS) MENCIÓN EN:	
TITOR/A:	FRANCISCO XOSÉ DUBERT GARCÍA
LIÑA TEMÁTICA ASIGNADA:	MORFOLOXÍA E SINTAXE

SOLICITO a aprobación do seguinte título e resumo:

Título: O tratamento da morfoloxía do artigo determinado nos estudos galegos de gramática: unha análise historiográfica.

Resumo (na lingua en que se vai redactar-lo TFG; entre 1000 e 2000 caracteres):

A morfoloxía do artigo determinado galego é unha cuestión relevante dende un punto de vista teórico. Como se sabe, ten, aparentemente, tres alomorfos en distribución complementaria, aínda que algúns autores defenden só a existencia de dous. Este traballo ten por obxectivo facer unha análise historiográfica comparativa do tratamento que se lle deu ao longo do tempo a esta unidade nos estudos gramaticais galegos. Con este fin, analizaremos un corpus composto por estudos de morfoloxía e gramáticas do galego que abrangue un período relativamente amplo de tempo: dende o 1868, cando se publicou a *Gramática Galega* de Saco Arce, ata a actualidade, cando foron publicados, por estudosos como Elisa Fernández Rei, os últimos traballos ao respecto desta cuestión; revisaremos tamén algunhas gramáticas dos dialectos en que se recolle información acerca do fenómeno en cuestión. A partir da análise de todos estes datos, intentaremos mostrar en que consiste o proceso de inserción do artigo e cales son os principais problemas que xorden: identificación e segmentación dos morfos e condicións da selección alomórfica.

Santiago de Compostela, 23 de Novembro de 2020.

Sinatura do/a interesado/a 	Visto e prace (sinatura do/a titor/a) F. DUBERT	Aprobado pola Comisión de Títulos de Grao con data 18 DEC 2020 Selo da Facultade de Filoloxía
--------------------------------	--	---

SR. DECANO DA FACULTADE DE FILOLOXÍA (Presidente da Comisión de Títulos de Grao)

1 INTRODUCCIÓN

Na morfoloxía do artigo determinado galego existen unha serie de dificultades de análise das que, dende os inicios da nosa recente historia gramatical, os estudosos da nosa lingua foron conscientes. Abordar os fenómenos lingüísticos nos que o artigo está involucrado esixe unha certa reflexión lingüística previa e non todos se enfrontaron a eles do mesmo xeito. Coa finalidade de afondar nalgúns problemas gramaticais que rodean ao artigo, decidín facer este traballo. Centrareime, en concreto, na súa expresión e deixarei de lado cuestións como a sintaxe ou a semántica.

Así pois, tentarei elaborar un estudo comparativo do tratamento que se lle deu á morfoloxía do artigo determinado ao longo da historia dos estudos gramaticais do galego. Concretamente, detereime con especial atención no relacionado cos seus alomorfos: número, procesos de inserción, segmentación das unidades caracterizadas pola súa aparición etc. Nótese con isto que, para min, os fenómenos que tratarei son de carácter morfolóxico, e non fonético.

Para acadar os fins deste traballo, empregarei os estudos gramaticais máis representativos e importantes da historia gramaticográfica da nosa lingua. Farei en § 2 unha pequena descrición dos fenómenos que me interesan. Ocupareime en § 3 dos traballos na *Gramática tradicional*, seguirei en § 4 cos traballos estruturalistas e rematarei en § 5 cunha serie de traballos máis contemporáneos, feitos baixo novos marcos teóricos. En § 6 expoñerei as conclusións desta investigación.

Como se pode ver, todo o material que decidín empregar é galego ou está estreitamente relacionado con Galiza. Existen, non obstante, estudos contemporáneos moi interesantes sobre o artigo determinado galego feitos no estranxeiro que quizais se deberían consultar para unha visión máis ampla do fenómeno. A existencia destes traballos dan conta do alto interese dos problemas aquí presentados. Sexa como for, por unha cuestión de tempo e espazo, tomei a decisión de non incluílos neste traballo.

2 DESCRICIÓN DO FENÓMENO

Segundo as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* da Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega, o artigo determinado presenta en galego¹ as formas que reproduzo na Táboa 1:

	Masculino	Feminino
Singular	o	a
Plural	os	as

Táboa 1 (NOMIG, 2012²³: 81)

Ademais, existe unha *variante alomórfica* *lo, la, los, las*, que é de uso obrigatorio tras da preposición *por* e do adverbio *u* e de uso opcional despois de infinitivo, formas verbais conxugadas rematadas en *-r* ou *-s*, dos pronomes enclíticos *nos, vos* e *lles* e dos pronomes tónicos *nós* e *vós*, despois de *ambos, entrambos, todos* e os seus femininos, da preposición *tras* e da conxunción copulativa (*e*) *mais*. A pesar desta opcionalidade na escrita, recoméndanse unicamente as pronuncias do tipo *vender a casa* [beŋ'dela'kaʃa] (NOMIG, 2012²³: 83).

Explícase nas *NOMIG* (2012²³: 81) que esta variante alomórfica coincide coa forma do artigo primitivo, que era *lo, la, los, las*. Esta forma perdeu o *l* (que desapareceu en galego tanto dentro dunha palabra como dentro dun *grupo fónico* de varias palabras) e como consecuencia diso temos as formas actuais *o, a, os, as*, que se estenderon por analogía aos contextos onde “o *l* non fose precedido dentro do mesmo *grupo fónico* por *-s, -r, -b* ou *-n*”.

Se estaba precedido por *-n*:

(*son las tres*) tras unha frase *-nn-* (*son nas tres*), o resultado foi *-n-* (*son as tres*, con pronuncia [ˈsonaʃˈtreŋ]), que se interpreta como a consoante final da palabra precedente e non como a inicial do artigo: o artigo, por tanto, segue sendo *o*, pero os efectos desa asimilación e posterior redución perduran aínda no feito de que ese *n* poida ser alveolar e non velar (NOMIG, 2012²³: 82).

Se estaba precedido por *-r, -s* ou *-b*:

a asimilación foi regresiva e nun primeiro momento deu como resultado *-ll-* (*dal las tres, ul lo gato?*), posteriormente *-l-* (*da-las tres, u-lo gato?*); deste modo o artigo seguiu mantendo a

¹ “Estas son as formas do galego común. Na maior parte do galego de Asturias, no canto de *o* úsase para o masculino *el* ou a forma elidida *l*” (NOMIG, 2012²³: 81).

forma primitiva, pero o verbo ou a palabra anterior viron modificada a súa consoante final (*NOMIG*, 2012²³: 82).

Así e todo, antes de comezar propiamente co corpo do traballo, débense ter en conta varias cousas: ao ler estas dúas descrições, chama a atención que nesta última se diga que o [l] pertence ao artigo e, pola contra, na anterior, se dixese que a nasal non pertencía ao artigo, senón ao verbo que o precedía. Quizais, esta cuestión ten que ver coa dirección da asimilación, nun caso regresiva e noutro non. Tampouco queda claro que ocorre concretamente coa consoante final da palabra que precede ao artigo: “viron modificada” (*NOMIG*, 2012²³: 82). Ademais, debe terse en conta tamén que esta información, por estar tirada das *NOMIG* (2012²³), non é representativa da realidade oral do galego, senón que é unha descrição normativa na que se seleccionaron unha serie de contextos, nos que ademais non se ten en conta o alto grao de variabilidade á que están expostos estes alomorfos. Por exemplo, nos datos da tese de Dubert (1999) sobre o galego de Santiago de Compostela ou nos datos que expón Rosario Álvarez (1983), podemos atopar exemplos da aparición destes *alomorfos* noutros contextos (véxanse tamén os mapas dos ANEXOS, tomados do *ALGa II*): despois de sufixos de número nominais [‘fumosβe’θiɲalas’ðuas], adverbios de tempo coma *antes* [‘on̄de’era’aɲteloas’silo], ou *despois* [des’pojlaka’rejra], o comparativo *mellor* [‘emejola’tua] (Dubert, 1999: 109) ou despois dun participio en construción absoluta *perdída-las esperanzas, marcharon* (Álvarez, 1983: 175).

3 AS GRAMÁTICAS TRADICIONAIS

A historia dos estudos gramaticais do galego, en palabras de Cidras e Dubert (2017: 112), é coma un dos nosos ríos: “curta e sinuosa”. Curta porque ten escasamente trescentos anos, xa que nace no s. XVIII con frei Martín Sarmiento, que publica en 1768 o seu *Onomástico de la lengua gallega*; e sinuosa, en primeiro lugar, porque haberá que agardar ata 1868 para que apareza a *Gramática gallega* de Saco Arce e, en segundo lugar, porque a seguinte obra que supuxo un avance no eido da gramática foi a *Gramática elemental del gallego común* de Carballo Calero, do ano 1966. Todas as demais gramáticas sincrónicas publicadas entre estas dúas últimas, isto é, entre 1868 e 1966, “son obras de entusiastas patriotas ben intencionados mais carentes de formación lingüística” (Cidrás / Dubert, 2017: 112-113). Así pois, para o propósito deste traballo só terei en conta as gramáticas de Saco Arce e de Carballo Calero por consideralas as primeiras obras representativas no estudo da gramática do galego. Estas dúas gramáticas insírense no marco teórico do que comunmente se coñece como *Gramática Tradicional*, un modelo que en Galicia foi substituído polo *Estructuralismo* a finais dos anos 60 do s. XX e de xeito bastante tardío (Dubert, 2018: 365).

Como di Lyons (1971: 38-42), os gramáticos tradicionais, por exemplo, adoitaban afirmar que a linguaxe falada era inferior á linguaxe escrita e dependente dela. Así pois, para estes gramáticos, a lingua literaria, unha forma particular de lingua escrita, era a forma “pura” e “correcta” da lingua e o seu labor como gramáticos era evitar que se corrompese. É en relación con isto onde vemos a principal diferenza entre Saco Arce e Carballo Calero: Saco Arce (1868) pretendía demostrar que o galego tiña unha gramática e que era unha lingua merecente de ser estudada igual que se estudaban o español ou o portugués ou calquera das outras grandes linguas románicas. Para iso, recorre constantemente a xustificar o galego como unha lingua *eufónica, poética e literaria*. Pola contra, Carballo Calero (1979⁷) superou xa esa fase (recordemos que pasan cen anos entre unha obra e outra) e pretende propoñer un *gallego común*, é dicir, unha primeira norma, un estándar. Por iso se percibe na súa gramática un ton máis prescritivo que na de Saco, aínda que nas descrições de ambos se perciba unha dependencia clara da escrita.

3.1 GRAMÁTICA GALLEGA, SACO ARCE (1868)

A *Gramática* de Saco Arce (1868), insírese no movemento cultural e político coñecido como *Rexurdimento*, momento en que abrocha con forza o movemento de rexeneración nacional (Sánchez Rei, 2008: 103), no que a lingua era un chanzo fundamental. Non é inocente, entón, que no limiar aparezan este tipo de consideracións:

(...) no puedo menos de deplorar que una de las causas que mas influyen en el hecho que me ocupa, sea el desden, el innoble menosprecio que los mismo hijos del pais arrojan sobre el habla de sus mayores, sobre esta lengua en donde los labios de sus madres hallaban las mas tiernas frases para arrullarlos en la cuna (Saco Arce, 1868: 6).

Como se pode apreciar, a obra é produto do seu tempo e debemos entendela nas súas circunstancias. Non se debe, logo, menosprezala pola súa (relativa) antigüidade. Todo o contrario, coincido con Cidrás / Dubert (2017: 112) en que debemos cualificala como unha obra de “grande mérito e calidade para o seu tempo, de lectura aínda proveitosa nos nosos días”, xa que é “a primeira gramática dunha lingua que carecía de descrición gramatical” e, polo tanto, elaborada nunha situación precaria onde non existía nin “doutrina, nin crítica, nin progreso, nin tradición que apoiar ou cuestionar” (Dubert, 2018: 366); realmente, xa só a cantidade de datos que achega é impresionante. Imos ver logo, tendo isto presente, como é o tratamento que nela se fai da morfoloxía do artigo determinado e que dificultades presenta.

3.1.1 O artigo determinado e o seu paradigma

A primeira caracterización que Saco Arce establece para o artigo determinado aparece nun apartado que denomina “Partes de la oración”. Nel, acorde co título, o artigo aparece caracterizado como unha parte “variable” da oración, xa que permite “ciertas alteraciones en su estructura material para denotar diversas ideas accesorias que modifican la principal de cada palabra” (Saco Arce, 1868: 22). Estas alteracións reciben o nome de *accidentes*² *gramaticais* e son dúas: xénero e número. O conxunto destes

² Sobre a noción de *accidente* gramatical: “A gramática clásica descansa sobre asuncións metafísicas dun tipo máis ou menos aristotélico. En particular, presupón a distinción entre as propiedades “esenciais” e as “accidentais” dun obxecto. Por exemplo, forma parte da “esencia” do home (imos dicilo así) ser intelixente e ter dúas pernas, mentres que é “accidental” que determinados homes teñan o cabelo louro e os ollos azuis. Dun xeito análogo, as palabras que aparecen nas oracións teñen determinadas propiedades “accidentais” (por exemplo, os nomes estarán en singular ou en plural; os verbos en tempo presente, pasado ou futuro, e así sucesivamente), de maneira que os “paradigmas” do gramático (e as listas de irregularidades) describen as “formas” de palabras de distintas clases. Os lexemas (as “palabras” da gramática tradicional) son as unidades invariantes subxacentes consideradas por abstracción das súas propiedades “accidentais”: os lexemas son “substancias” que aparecen en diversas “formas” “accidentais”. (...) Esta concepción explica o termo tradicional “accidente” para o que nós chamamos “flexión”: estritamente falando, as palabras son “flexionadas” (i.e., cambian a súa forma) de acordo cos seus “accidentes” (do latín *accidentia*, “propiedades

accidentes gramaticais recibe o nome de declinación. Para Saco Arce, deste xeito, a declinación do artigo determinado galego sería a que figura na Táboa 2:

		Masculino	Feminino	Neutro
Singular	Nom.	o	a	o
	Xen.	d'o	d'a	d'o
	Dat.	ô, pr'o	â, pr'a	ô, pr'o
	Acus.	o, ô	a, â	o
	Abl.	sin, c'o, &c	sin, co'a	sin, c'o, &c
Plural	Nom.	os	as	
	Xen.	d'os	d'as	
	Dat.	ôs, pr'os	âs, pr'as	
	Acus.	os, ôs	as, âs	
	Dat.	sin, c'os, &c	sin, co'as, &c	

Táboa 2, “A declinación do artigo en Saco Arce” (1868: 24)

Xa batemos aquí coa primeira característica da súa *Gramática* (e da *Gramática Tradicional* en xeral). Como nos di Dubert (2018: 369), a *Gramática* de Saco Arce presenta unha forte dependencia da tradición grecolatina. Os problemas da segmentación das coalescencias de preposición e artigo determinado xa foron advertidos por Saco Arce no 1868, quen tentou solucionarlos atribuíndolle ao artigo determinado unha declinación casual por mor da que o artigo se vería modificado, igual que acontecía en latín e grego.

Non obstante, é consciente de que isto non é realmente así. Por este motivo, matiza máis adiante que, para el, os casos latinos non son realmente accidentes gramaticais do nome, xa que non alteran a estrutura interna da palabra, como si o fan o xénero ou o número (Saco Arce, 1868: 23). Polo tanto, parece que está bastante seguro de que *ô servo* (para el, dativo, masculino e singular) non equivale lingüisticamente ao grego clásico $\tau\tilde{\omega}$ $\delta\tilde{o}\tilde{\iota}\tilde{\lambda}\tilde{\omega}$ (dativo, masculino e singular), onde o dativo masculino singular do artigo definido $\tau\tilde{\omega}$ concorda en xénero, número e caso co nome ao que acompaña: $\delta\tilde{o}\tilde{\iota}\tilde{\lambda}\tilde{\omega}$ (nom. $\delta\tilde{o}\tilde{\iota}\tilde{\lambda}\tilde{o}\varsigma$ ‘servo’) (adaptado de Dubert, 2018: 369). É dicir, se realmente *ô* fose a forma dativa

accidentais”). E os gramáticos clásicos asumiron que as propiedades “accidentais” dos lexemas, coma as propiedades “accidentais” de calquera cousa no Universo podían ser clasificadas nun conxunto restrinxido de “categorías” (traducido de Lyons, 1971: 205).

masculina singular do artigo determinado, tería que concordar en caso, xénero e número con *servo*; e, obviamente, non o fai.

Saco é consciente disto posto que aclara que as relacións expresadas polos casos grecolatinos se marcan en galego por medio de preposicións e que, dese xeito, as súas formas declinadas do artigo determinado como, por exemplo, *d'o* (*de + o*), *pr'o* (*para + o*) ou *ô* (*a + o*) son realmente as formas de nominativo³ precedidas, respectivamente, neste caso, das preposicións *de*, *para* e *a* nas súas “formas abreviadas” (Saco Arce, 1868: 25). Ademais, non só os contemporáneos del seguen esta convención. Tamén a seguen autores posteriores como, por exemplo, Lugrís Freire, que na súa *Gramática do idioma galego* expón que, non só o artigo, senón tamén os substantivos e os pronomes se declinan en galego botando man dos casos clásicos (Lugrís Freire, 1931²: 13-14, 21, 31-32).

Con todo, neste apartado “Partes de la oración”, que poderíamos considerar como unha protomorfoloxía do artigo determinado, non será onde afonde o noso autor na explicación da formación e da orixe dalgunha desas formas contractas. Farao, entón, nun apartado que denomina “Eufonía” e que será, tamén, importante no tratamento doutras cuestións acerca da morfoloxía do artigo.

3.1.2 Eufonía

Neste apartado, expón “los varios medios de que se sirven los gallegos para evitar ciertas sonidos desagradables, con especialidad en el encuentro ó combinación de las palabras” (Saco Arce, 1868: 141). Para iso, emprega un método que Dubert (2018: 370) denomina “descriptivo procesual: existen unhas formas base que se modifican dalgún xeito, ben por combinarse con outras formas base, ben porque reciben algúns accidentes gramaticais, ben por reaxustes fonolóxicos”. Este modelo presenta a dificultade de non distinguir entre diacronía e sincronía, modelos opostos de descrición que introduciu Ferdinand de Saussure na Lingüística no ano 1916 co seu *Course de linguistique générale* e que, polo tanto, Saco Arce non podería manexar.

Desta maneira, na *Gramática* de Saco Arce non queda claro se as coalescencias *d'o*, *pr'o* ou *ô*, por exemplo, son procesos que ocorren sincronicamente en galego ou se, pola contra, son o resultado dunha serie de procesos fonéticos acontecidos no pasado da lingua. Ademais, este enfoque non só o emprega para explicar estas contraccións, senón

³ En puridade, non son formas de nominativo: historicamente, veñen do acusativo; sincronicamente, o galego non ten casos (nin sequera, nominativo: *o neno* non ten caso ningún).

tamén para explicar outros fenómenos nos que se ve implicado o artigo determinado: os seus alomorfos, obxectivo principal da miña investigación. Así pois, non me deterei en ver a explicación eufónica que dá de todas as preposicións que aparecían contraídas co artigo na Táboa 2. Só lle prestarei atención a dúas cuestións: a) ás preposicións *con* e *en*, por estaren relacionadas dalgún xeito co que hoxe se coñece como *terceira forma* do artigo (*son as tres* ['ʒonaʃ'treʒ]), aínda que Saco Arce non percibe que poida existir esa *terceira forma*, como se verá; e b) a un apartado que Saco Arce (1868: 150) denomina “cambio de *s* y *r* en *l*”, onde se fan unha serie de consideracións sobre o que hoxe se coñece como *segunda forma* do artigo: *pol-a vereda, a gaita quel-o gaitero, bo es, bo es, con que tral-o lar n'estés*.

Non obstante, antes de proseguir, creo convinte facer unha serie de consideracións que son de interese. Así pois, entendendo a Saco Arce no seu contexto histórico, non se pode dicir que fose desencamiñado ao incluír cuestións relativas ao artigo determinado e á súa morfoloxía dentro deste apartado, posto que o que el denomina eufonía achégase, de certa maneira, ao que hoxe en día se coñece como fonoloxía prosódica (Dubert, 2018: 370). A pesar diso, si que se debe reparar en que, por introducir eses fenómenos nun apartado diferente daquel que denominei protomorfolóxico, Saco Arce debe considerar que estes fenómenos non acontecen por razóns morfolóxicas, senón fonéticas. Aínda así, en moitas ocasións matiza que non acontecen cunha vogal calquera, senón coa vogal do artigo. Creo que é importante destacar isto porque dá conta de que xa na primeira gramática do galego se expresa que este fenómeno, *a priori* fonético, debe ser matizado cunha excepción gramatical, léxica. Isto, ao meu ver, fai que non sexa un fenómeno puramente fonético, senón máis ben morfolóxico. Así e todo, isto obviarase nos estudos seguintes e non será ata o traballo de Taboada (1979) cando se volva a retomar esta cuestión, como veremos en § 4.1.2.

Ademais das razóns fonéticas ás que alude Saco Arce, poderíanse ver detrás do que el denomina “Eufonía” razóns de tipo ideolóxico: o galego merece ser estudado porque ten unha serie de fenómenos fonéticos de carácter eufónico que son decisivos nel e dos que Saco se serve para consideralo unha lingua bonita e así darlle o valor que segundo el merece. Repárese, pois, nisto:

Pocos idiomas habrá, en cuya formación y estructura haya influido tanto el instinto de la armonía, y que tan cuidadosamente eviten todo sonido áspero y desapacible, como el gallego, que

refleja exactamente el dulce y suave del pueblo que en él expresa sus conceptos (Saco Arce, 1868: 142).

Un deses sons desagradables pola súa nasalidade é o *n* final (sempre velar en galego) seguido dunha palabra que comeza por vogal. Para eufonizalo, os galegos poden, por exemplo, eliminalo, como no caso da preposición *con* cando vai seguida do artigo determinado, que, ademais, perde o *o* se a forma do artigo que a segue é a masculina (*c'o*) pero manteno se a forma do artigo que a segue é a feminina (*co'a*) (Saco Arce, 1868: 147). Segundo o que vimos no paradigma do artigo da Táboa 2, os galegos obteríamos así unha das “formas ablativas” do noso artigo. Volvemos topar coas dificultades que supón empregar ese modelo procesual sen discernir claramente o que é sincrónico e o que é diacrónico. Este modelo descritivo emprégase reiteradamente na súa gramática.

Para Saco, outra das maneiras eufónicas de evitar esa nasalidade sería unir o *n* velar coa vogal que o segue. Deste xeito, para Saco a preposición *en* perdería o *e* e deixaría o *n* só para unilo coa vogal seguinte (Saco Arce, 1868: 148). Obtéñense así contraccións do tipo *n-o*. Ademais, esta unión do *n* coa palabra que o segue non só ocorre coa preposición *en*, tamén o describe no caso de *ben*, *tamén* e *quen* seguidos da vogal da P3 do clítico de acusativo, creando secuencias que deben pronunciarse *beno*, *queno* e *tameno* (Saco Arce, 1868: 149). Non obstante, non fala do que ocorre cos verbos: nin de secuencias do tipo [ˈkaŋtano]⁴ nin de secuencias do tipo [ˈsonaŋtres].

Estes fenómenos, como avancei máis arriba, son para o noso autor de carácter fonético e equipáraos a diccións do tipo *roubáronme* [rowˈbarome] ou *non nos trouxo nada* [ˈnonoŋ] nas que non aparece o artigo determinado, senón o pronome átono. Saco Arce non podería no ano que escribiu, no 1868, categorizar correctamente e compartimentar todos estes fenómenos pero si que era consciente de que ocurrían na lingua falada e que eran dignos de estudo. Só con mencionalos na súa *Gramática gallega*, xa deixa o camiño preparado para os que virán despois coma, por exemplo, Carballo Calero, que na súa *Gramática elemental del gallego común* retoma moitas cuestións que aparecen na gramática de Saco Arce.

Igual de “desagradable” que ese *n* final do que veño de falar tamén o son para Saco Arce (1868: 150) o *s* e o *r*, que por ser “escuros” e “xordos” se cambian por *l*, máis

⁴ En relación a isto, cómpre reparar no que di Saco Arce (1868: 146) ao respecto de secuencias do tipo [pidiˈrejnoŋ] onde trata a consoante nasal como unha consoante eufónica que se interpón entre o verbo e o pronome para evitar o hiato: “*pidirei-n-os*”.

“claro” e “doce”, cando van precedidos da P3 do clítico acusativo ou do artigo determinado. Por iso, explica que o *s* final das persoas verbais, dos pronomes persoais e dalgunhas palabras muda por un *l* obrigatoriamente cando vai seguido dun pronome átono e moi frecuentemente, mais non de xeito obrigatorio, cando van seguidas do artigo esas ou outras palabras como *Dios, pois, e mais* ou *todos* (Saco Arce, 1868: 151). Así pois, é de uso obrigado “*tí leval-o?*” mais, non obstante, é opcional “*tí trâl-os bois? ó tí trâs os bois?, ¿traes los bueyes?*, aunque lo primero es más eufónico” (Saco Arce, 1868: 150).

O mesmo ocorre co *r* final dos infinitivos, a preposición *por* e outras palabras, onde é obrigatorio o cambio por *l* se van seguidas dun pronome átono e opcional se van seguidas do artigo determinado. Neste caso, indícase que “con el artículo no es tan imprescindible el cambio de la *r* como con el pronombre” (Saco Arce, 1868: 151). Simplemente, Saco Arce constata este feito, describe unha realidade da que é consciente e á que atribúe un carácter fonético, mais non repara en que esa obrigatoriedade da que fala está condicionada por ser o artigo e o pronome unidades gramaticais diferentes e, polo tanto, estar rexidas por regras gramaticais diferentes.

3.2 GRAMÁTICA ELEMENTAL DEL GALLEGO COMÚN, CARBALLO CALERO (1979⁷ / 1ª ED. 1966)

Cen anos despois da publicación da *Gramática gallega* (1868) de Saco Arce e superado xa o período do *Rexurdimento*, publica Carballo Calero a súa *Gramática elemental del gallego común* (1979⁷)⁵. En parte, a relevancia deste feito na historia das gramáticas do galego radica en que, como nos din Cidrás / Dubert (2017: 114), Carballo Calero foi o primeiro catedrático de lingua e literatura galegas na Universidade de Santiago de Compostela. Polo tanto, a súa gramática estaba pensada para un público fundamentalmente universitario (Sánchez Rei, 2008: 103) e dese xeito converterase na primeira gramática que contará cuns “destinatarios reais, un mercado obxectivo e un ámbito de uso estable, aínda que non fose masivo” (Cidrás / Dubert, 2017: 114).

Esta obra bebe directamente da obra de Saco Arce e, a pesar dos seus desequilibrios, representa un avance respecto a outros estudos anteriores feitos entre 1868 e 1966. É sobre todo innovadora, por exemplo, no tratamento que fai da fonoloxía, apartado no que emprega, como ben indica Regueira (1996: 55), “métodos do

⁵ 1966 é o ano da primeira publicación. Posto que Carballo Calero foi aumentando a súa *Gramática*, decidín empregar para a miña análise a última edición, que é do ano 1979.

estruturalismo europeo”. Non obstante, a súa gramática é moi tradicional na parte de morfoloxía e escasa na parte de sintaxe (Cidrás / Dubert, 2017: 114).

Ademais, debemos ter en conta o que nos di Ramón Mariño (2002: 78) sobre que esta gramática, “sendo en principio unha gramática descritiva de orientación sincrónica moderna, contén moitos elementos tirados de sincronías pasadas”. Isto non debería de sorprenden aos lectores deste traballo: é unha das características que mencionei para a gramática de Saco Arce. A diferenza con respecto a esta é que Carballo Calero presenta unha vontade marcadamente máis prescritivista que Saco. A razón disto débese buscar na motivación ideolóxica da elaboración de cada obra. Se ben Saco pretendía dignificar o galego como lingua merecedora de ser estudada e para iso aludía ao seu carácter eufónico, Carballo Calero, xa superada esa fase, procuraba elaborar unha primeira tentativa de lingua estándar (de aí *Gramática del gallego común*) e non simplemente describir as características gramaticais da lingua galega, como facía Saco.

A pesar desta diferenza, coincidimos con Regueira (1996: 56) en que a gramática de Carballo Calero non é “o inicio dunha nova xeira da lingüística galega, senón os últimos testemuños da vella época que se acaba”. Foi por este motivo polo que a decidín incluír dentro da gramática tradicional e analizala coa obra de Saco Arce.

3.2.1 A etimoloxía do artigo determinado

Ao meterse de cheo na obra de Carballo Calero, o primeiro que se atopa na súa *Gramática elemental del gallego común* sobre o artigo determinado e a súa morfoloxía aparece nun subapartado que o noso autor denomina *El acento*. Nese subapartado, fai unha distinción entre palabras tónicas e palabras átonas que supón unha innovación con respecto a Saco Arce. Estas últimas non teñen acento propio e deben “apoyarse prosodicamente” noutra palabra tónica (Carballo Calero, 1979⁷: 144). É interesante reparar en que, para Carballo Calero, as únicas palabras átonas caracterizadas como enclíticas e, polo tanto, dependentes prosodicamente da palabra anterior, son só as formas pronominais persoais e as súas contraccións; o artigo determinado, pola contra, é proclítico e, polo tanto, segundo este autor, depende prosodicamente da palabra á que antecede, o substantivo ao que acompaña.

Esta caracterización do artigo en canto a palabra átona e, polo tanto, dependente prosodicamente non está en Saco Arce (1868) e seguramente Carballo se vira influenciado por Williams (1986: 145 subliñado meu), que di:

o fato de que a primitiva forma en portugués, aínda que aparentemente proclítica ao substantivo que determinava, pudesse estar tão estreitamente ligada à vogal da terminación da palabra precedente, que determinase a queda do *l* do artigo, ou à consoante da terminación da palabra precedente que determinase a súa asimilación ao *l* do artigo, parece indicar que o artigo se desenvolveu o máis comumente em posición intertônica, isto é, entre dúas sílabas acentuadas, e. g., *amei o filho* (__,__,_) mas non necesariamente adjacente a una ou outra das dúas, e. g., *todo o amor* (__,__,_).

Nótese que digo “influenciado”, posto que non segue completamente as palabras de Bucher; Saco Arce caracteriza o artigo como “proclítico” e Bucher, como acabamos de ver, caracterízao como “intertónico”. A pesar disto, non hai dúbidas acerca de se Carballo consultou esta obra ou non, posto que aparece referenciada no apartado de “Orientación bibliográfica” (Carballo Calero, 1979⁷: 27) da súa *Gramática* e pódese recoñecer a súa influencia tamén en como explica a etimoloxía do artigo determinado⁶.

Saco Arce (1868: 24) expoñía nunha nota a pé de páxina que a forma *o* do artigo procedía da segunda sílaba de *il-lo*, despois de que esta perdera o *l* intervocálico, como en “*sair*, salir; *moer*, moler; *voar*, volar; etc”. Carballo Calero (1979⁷: 186) revisa esta descrición e, por iso, o *il-lo* de Saco xa aparece caracterizado como o “demostrativo latino *ILLU, ILLA*”, que se fixo monosílabo átono ao “convertirse en un morfema complementario del nombre, como un prefijo” coa forma *lo, la*, que despois se fixo *o, a*.

Parece, entón, que coas achegas de Carballo Calero a cuestión da etimoloxía do artigo está máis clara, pero segue habendo problemas. Por un lado, fala de que a contracción *polo* é produto dunha asimilación (*porlo* > *pol-lo*) e dunha posterior simplificación. Diacronicamente, isto é correcto e poderíamos pensar que Carballo Calero, con respecto a Saco Arce, superou a dificultade de distinguir entre diacronía e sincronía, mais non en todos os casos. Efectivamente, foi capaz de explicar a contracción *polo* como o resultado dun proceso histórico máis, non obstante, insiste en que esa asimilación segue existindo na lingua falada: “el habla general efectúa la asimilación” (Carballo Calero, 1979⁷: 186). Isto é a solución que Carballo Calero dá aos fenómenos que Saco Arce chamaba “cambio de *-s* y *-r* en *-l*”.

⁶ Véxase Williams (1986: 144-145).

Como se pode ver, o modelo descritivo procesual que empregaba Saco Arce, non é alleo a Carballo Calero. Se cadra, apréciase máis cando, nun apartado que denomina “Nasalidad”, fala do alomorfo *no* da P3 do clítico de acusativo:

Las formas verbales a las que se agregan los pronombres enclíticos *o* ‘lo, a’, *la, os* ‘los’, *as* ‘las’, cuando aquéllas terminan en *n*, como *fan* ‘hacen’, *din* ‘di’ (dar), ‘dicen’, *ten* ‘tiene’, *pon* ‘pone’, *fun* ‘fui’, etc., asimilan su *n* con la *l*- histórica –hoy perdida– de los pronombres; de modo que *fan-los* ‘los hacen’ se cambió en *fan-nos*, siendo velar la primera *n* y alveolar la segunda. Finalmente, la *n* velar se conservó sólo como una nasalización de la vocal anterior (Carballo Calero, 1979⁷: 127 subliñado meu).

Deste fragmento da *Gramática* de Carballo Calero (1979⁷) pódense deducir varias cousas moi interesantes para o obxectivo deste traballo: primeiro, é obvio que segue habendo un problema de non distinción entre diacronía e sincronía, como lle acontecía a Saco Arce, que analizaba as alternancias fonolóxicas ou morfolóxicas “como resultados de procesos que cambian ou eliminan segmentos” (Dubert, 2017: 370) sen distinguir se esas alternancias eran procesos que estaban a acontecer ou o resultado de procesos antigos. En segundo lugar, tamén só se fala dunha forma *no* para o pronome persoal e non para o artigo ([ˈɣonaʃˈtɾeɣ]). Porén, si que fala do que lle ocorre aos verbos rematados en consoante nasal seguidos da P3 do clítico de acusativo. Por último, tendo en conta que a forma acusativa de P3 do pronome persoal e o artigo determinado teñen a mesma etimoloxía (ILLU), ¿que supón que Carballo Calero fale de asimilación “con la *l*- histórica” (Carballo Calero 1979⁷: 127)?

Se unha *asimilación* é “any os various phonetic or phonological processes in which one segment becomes more similar to another segment in the same word or phrase” (Trask, 1999: 36), o termo serve para cubrir diacronicamente o fenómeno que Carballo Calero quere describir, mais non para describilo sincronicamente. É dicir, non pode haber unha asimilación sincrónica en secuencias do tipo [beɲˈdelaˈkaʃa], porque só hai un segmento fónico [l] e non unha xeminada [l:], esperable produto desa “asimilación”. Ademais, fala tamén Carballo (1979⁷: 186) de que “la *l*- perdida está latente, y se patentiza⁷ a veces ante consonante del mismo orden alveolar”. Non obstante, o fonema

⁷ Di: “*pois o neno está ben* ‘pues el niño está bien’, *todos os demos* ‘todos los demonios’, *a miña nai e máis a tua* ‘mi madre y la tuya’, *ambas as éngoas* ‘ambas ingles’; lo que se oye es *poilo, tódolos, maila, ámbalas*, y así lo escriben algunos” (Carballo Calero 1979⁷: 186).

[l] non pode estar perdido porque, obviamente, aparece na secuencia [beŋ'dela'kaʃa]. Hai un desaxuste, polo tanto, entre o que é sincrónico e o que é diacrónico.

3.2.2 O artigo determinado e o seu paradigma

En certa maneira, eses problemas reflíctense no paradigma que presenta para o artigo determinado. Nel, suprime os casos latinos do paradigma de Saco Arce (véxase Táboa 2) e só inclúe as variacións en xénero e número nas que deben concordar artigo e nome, xa que o artigo é “un morfema expresivo de los accidentes gramaticales del sustantivo” (Carballo Calero, 1979⁷: 184). Dese xeito, o paradigma que nos presenta é o que vemos na Táboa 3:

	Masculino	Feminino
Singular	o	a
Plural	os	as

Táboa 3, “O paradigma do artigo determinado en Carballo Calero” (1979⁷: 184-185)

Igual que para Saco, os fenómenos nos que se ve implicado o artigo, que expuxen no apartado anterior e que son o principal obxectivo deste traballo, son de carácter fonético-sintáctico:

La asimilación a la *l-* del artículo o el pronombre, de la *-r* o *-s* contigua de palabra anterior, tampoco se refleja en la escritura, salvo en el caso del pronombre enclítico al verbo, que se une a este con un guión, y el artículo contraído con la preposición *por*, que se aglutinan ortográficamente. Escribimos *ve-lo* ‘verlo’, *fa-las* ‘las haces’, *pola* ‘por la’. En los demás casos mantenemos separadas en la escritura las palabras en su forma independiente, y las modificaciones de sonidos por fonética sintáctica no se registran gráficamente (Carballo Calero, 1979⁷: 151-152 subliñado meu).

Por este motivo, igual que Saco Arce, Carballo Calero non identifica *lo* e *no* como formas propias do artigo determinado, senón que para el o artigo sempre é *o* e o que muda é a consoante final da palabra que o precede. Resulta curioso entón que fale de “la *l-* del artículo” e que coloque o guión antes do <l>: *ve-lo* e non *vel-o*. Saco Arce, se recordamos, reparara na opcionalidade desa “mudanza” pero non lle atribuíu ningunha razón. Carballo Calero, xa atribúe esa opcionalidade a unha pausa prosódica: “La *s-* y *-r* finales de palabra en contacto con el artículo suenan *-l* ordinariamente cuando no hay pausa que lo impida” (Carballo Calero, 1979⁷: 186). Creo importante destacar que isto parece dar idea dunha posible unidade fonolóxica conformada polo artigo e a palabra anterior. Non obstante,

sinalei antes que, para Carballo Calero, o artigo era proclítico e dependía prosodicamente do substantivo ao que determinaba (véxase § 3.2.1).

Por outra banda, estes dous autores danlle moita importancia á representación gráfica deste fenómeno que advirten na realidade oral da lingua. Por iso, moitas das explicacións que fan del están enfocadas dende a lingua escrita. Cómpre aquí, mencionar o que di Dubert (2000: 464):

Como se sabe, entre as características que definen a denominada Gramática Tradicional figuran a súa intención prescritiva, fronte ó descriptivismo propio das diferentes gramáticas contemporáneas, e a súa dependencia da lingua escrita. Esta dependencia non só se manifesta no uso exclusivo das formas lingüísticas do código escrito como material base de traballo, senón que tamén se pode dicir que son gramáticas pedagóxicas redactadas para aprender a escribir e para aprender a falar conforme se escribe. A lingua escrita marca o ideal, tanto nas escollas paradigmáticas como nas sintagmáticas

Deste xeito, mentres que Saco Arce (1868) tentaba explicar as contraccións de determinadas preposicións co artigo determinado atribuíndolle a este unha declinación por casos, Carballo Calero (1979⁷: 185-186) simplemente as menciona e indica como grafalas. O que lle interesa a Carballo Calero (e en menor medida, tamén a Saco) non é describir a orixe das contraccións ou a problemática da súa segmentación, senón explicar como deben ou poden grafarse ou lerse. Relacionado con isto e, de xeito transversal, co obxectivo da nosa investigación, é interesante reparar no xeito no que grafan tanto Saco como Carballo os alomorfos do artigo determinado.

As representacións gráficas da lingua adoitan non ser inocentes; sempre hai detrás de cada grafía unha xustificación, ou como mínimo, algún tipo de reflexión lingüística. Así pois: Saco Arce, coherente con considerar só unha única forma⁸ para o artigo (Véxase Táboa 2) e tamén para o pronome (Saco Arce, 1868: 55), escribe “*todol-os dias*”, “*trâl-os bois*”, “*pol-o monte*” e “*ti léval-o*”. Pola contra, Carballo Calero (1979⁷: 194), a pesar de propor representar graficamente a P3 do clítico de acusativo “*da-lo*” ou “*fixemo-los*”, no caso do artigo só recomenda grafar “*pola*” (sen guión) e no resto dos casos non representar esa mudanza, segundo el, producida por fonética sintáctica, e escribir, polo

⁸ Como se veu na Táboa 2, para Saco Arce, o artigo galego podía declinarse segundo os casos latinos; xa expliquei en § 3.1.1 as incongruencias disto. Debe entenderse aquí, logo, “forma” nun sentido moderno. É dicir, debe entenderse “primeira forma” (*o, a, os, as*).

tanto, “*tocar as cunchas*, aunque pronunciemos *tocá las cunchas*” (Carballo Calero, 1979⁷: 151-152).

Disto podemos deducir varias cousas: en primeiro lugar, isto reafirma a vontade de Carballo de elaborar unha norma escrita para o galego posto que fai xuízos de valor do que se debe representar e do que non; e, en segundo lugar, que os problemas de segmentación destas secuencias xa foron advertidos polos primeiros estudosos do galego, que cos medios dos que dispoñían tentaron facerlles fronte. Ambos autores postularon a existencia dun *-s* ou dun *-r* finais dos que realmente só hai experiencia empírica en secuencias como [beɲ'dera'kaʃa]; en secuencias do tipo [beɲ'dela'kaʃa] a experiencia é hipotética. Para afrontar esta problemática precisaríanse dous niveis de descrición: un, que estivera latente e fose un construto teórico feito a partir dunha hipótese, no que estarían por un lado o infinitivo *vender* e o artigo *a*; e outro, final, que se faría patente á hora de falar e no que xa teríamos *vende-la* [beɲ'dela'kaʃa], por exemplo. Este modelo, que marcará un antes e un despois nos estudos de Lingüística, chega co *Estructuralismo* e será fundamental na historia da abordaxe desta problemática e do tratamento da morfoloxía do artigo.

4 AS GRAMÁTICAS DO ESTRUTURALISMO

Unha das razóns que provocou que a gramaticografía galega estivese nunha situación tan precaria, ademais das obvias razóns histórico-culturais, foi o escaso peso que tiña a gramática no programa ideolóxico de construción nacional, do que os estudos lingüísticos formaban parte. Co *Rexurdimento* (mediados do s. XIX) e tamén co *Galeguismo* (comezos do s. XX) produciuse un importante avance no uso literario e social do galego. Non obstante, o estudo da gramática veuse prexudicado pola prioridade que se lle daba a outras tarefas, consideradas máis urxentes, como, por exemplo, “a descrición das *falas* para coñecer as variedades dialectais do galego nos anos 60 (Cidrás / Dubert, 2017: 113).

Nestes medios e coa oferta de galego para o alumnado de quinto curso da sección de Filoloxía Románica da Facultade de Filosofía e Letras, xorden os primeiros traballos académicos: as memorias de licenciatura de Antón Santamarina (*Vocabulario del Valle de Suarna*) e de Xosé Luís Couceiro (*Vocabulario de Feás*), lidas en 1967 na Universidade de Santiago (Regueira, 1996: 56-57).

Así pois, neste ambiente universitario de investigación, créase no ano 1971 na Universidade de Santiago de Compostela o Instituto da Lingua Galega, que, ademais de continuar con este labor dialectolóxico, será berce de estudos en moitas outras disciplinas lingüísticas anos máis tarde. É interesante repararmos nalgúns dos fins inmediatos que se consideraron no proxecto de creación do ILG e que cita Fernández Rei (1991: 15): a “realización de traballos sobre dialectoloxía galaico-portuguesa”, “a promoción de teses de doutoramento sobre temas de filoloxía e lingüística galega e portuguesa” e “a formación do persoal investigador interesado no campo da lingüística galega”. Desta maneira, como explica Fernández Rei (1991: 27-28), na década dos 70 aparecerán un conxunto de teses que seguirán a liña marcada polas devanditas memorias de licenciatura. Analizarei de seguido como se trata a morfoloxía do artigo determinado nalgunha destas obras: nomeadamente, *El habla de Feás* (1976) de Couceiro, *El gallego hablado en la comarca ferrolana* (1977) de Dapena e *El habla del Valle de Verín* (1979) de Taboada.

4.1 AS GRAMÁTICAS DOS DIALECTOS

A diferenza principal entre estes autores e Saco Arce e Carballo Calero no referente ao tratamento do artigo definido, ademais do marco teórico co que traballan, é que todos eles engaden no paradigma unha segunda forma *lo*. Vimos que Saco Arce

consideraba que certos ítem ao ir seguidos do artigo mudaban as súas consoantes finais por razóns eufónicas. Carballo Calero consideraba, pola contra, que mudaban o seu *-r* ou *-s* finais por un *-l* “arcaizante” ao asimilarse as devanditas consoantes finais ao *-l* da forma “primitiva” *lo*. Estes autores dos que imos falar agora xa non consideran que as consoantes finais muden, senón que o que ocorre é que o artigo determinado ten dous alomorfos que “se deben a diferentes circunstancias fonético-sintácticas” (Couceiro, 1976: 107) e que están, ou en “distribución complementaria” (Dapena, 1977: 155) ou en “distribución libre” (Taboada, 1979: 108), termos dos que falarei despois. Así pois, o paradigma que todos presentan é o que reproduzo na Táboa 4:

	Masculino		Feminino	
Singular	o	lo	a	la
Plural	os	los	as	las

Táboa 4, “O paradigma do artigo determinado nas gramáticas dos dialectos” (Couceiro, 1976: 107; Dapena, 1977: 156; Taboada, 1979: 108)

4.1.1 O proceso de inserción do artigo

Non obstante, difiren entre eles na descrición do proceso mediante o que se insire ese “alomorfo” *lo*. Por exemplo, Couceiro (1976) non menciona nada con respecto aos contextos onde aparece este alomorfo do artigo. Si, pola contra, dedica máis esforzo ao clítico de acusativo. Así pois, di: “es interesante notar la desaparición de [r] final, por asimilación ante la (l) inicial de las segundas formas del artículo determinado, y del pronombre complemento directo de tercera persona, formalmente idénticas”, así como, “en las mismas circunstancias”, “la pérdida de la (-s)” (Couceiro, 1976: 37 subliñado meu). Pon de exemplo secuencias como *polos camiños*, *mentrelas mulleres* ou *eu mailos cativos*. Vemos que igual que Carballo Calero, fala dunha asimilación. Segue a ter, polo tanto, o problema da inexactitude do termo que xa explicamos con anterioridade (véxase § 3.2.1). Non obstante, xa non considera *lo* unha forma arcaica, como si facía Carballo, senón como unha “segunda forma”. Taboada (1979) tampouco falará de “forma arcaica”, non obstante, Dapena (1977: 155) séguela caracterizando dese xeito: “los alomorfos con *l* son formas arcaizantes”.

Así e todo, Taboada e Dapena, xa non falan de asimilación, senón de neutralizacións en fonética sintáctica de tipo asimilativo (Taboada, 1979: 53). Desta maneira, explican que os fonemas /s/ e /r/ en posición final seguidos pola forma *lo* do artigo, neutralízanse nun arquifonema que se realiza como “l” (Taboada, 1979: 53 e

Dapena, 1977: 135). Non obstante, esta descrición non está exenta de problemas, posto que, igual que acontecía con Couceiro (1976), non é coherente, sincronicamente, falar dunha asimilación. Ademais, seguindo o que di Dubert (2004: 60): “para marcar un contexto de neutralización fonolóxica (ámbito do segundo modo de articulación da lingua), non debemos botar man de condicionantes morfolóxicos (ámbito do primeiro modo de articulación da lingua”. Parece que Dapena (1977: 134) é consciente diso e das dificultades dos procesos que implica a inserción da segunda forma do artigo e matiza⁹ a pé de páxina que:

Morfológicamente la *-l-* puede considerarse como perteneciente al pronome o artículo, los cuales ofrecen dos variantes combiantorias, con y sin *l* (...). En ese caso parece más bien que la neutralización se realiza entre */r/* y \emptyset . No obstante, diacronicamente, lo que se dio fue una asimilación de la *r* a la *l* del pronombre o artículo primitivos, resultando así una *l* geminada, que más tarde se simplificó como es normal en gallego. Hubo, pues, unha neutralización asimilativa y, en tal caso, el problema surge a la hora de establecer el límite morfemático.

Esa neutralización e o arquifonema /L/ produto dela non son tan evidentes coma outras das neutralizacións e arquifonemas que inclúen nas súas obras. Por exemplo, si que é pertinente falar do arquifonema /N/, produto da neutralización dos fonemas nasais en posición implosiva (Couceiro, 1976: 33). A realización deste arquifonema nasal dependería así pois do “entorno fónico” (Taboada, 1979: 52) ou de se despois da nasal houberse unha pausa, contexto no que a realización sería sempre velar (Dapena, 1977: 134).

A isto último, Dapena (1977: 173) só engade, con respecto ao clítico de acusativo, que hai unha “forma” *no* que aparece “cuando el verbo a que se unen termina en diptongo acentuado”. Non obstante, Couceiro (1976: 33) retoma as pronuncias que Saco mencionaba do tipo *beno* (*ben* + *o* ‘clítico acusativo’) e di que /N/ en posición final se realiza alveolar nas “partículas” *non*, *ben*, *quen*, *nin* e *tamén* cando estas van seguidas das “formas pronominales de complemento directo”. Vexo nisto, certa incongruencia, posto que máis adiante fala dun “alomorfo del obj. directo: *-no*” que aparecería despois da formas verbais rematadas en ditongo (*deixéinas*) e despois desas “partículas” que vimos de mencionar (Couceiro, 1976: 102). Taboada (1979: 49) tamén é incoherente no tratamento deste fenómeno: fala, primeiro, de que “en la agrupación de formas verbales

⁹ Tamén di: “este hecho plantea un problema de segmentación, ya que, diacronicamente, *-l-* tanto forma parte del artículo como de la palabra anterior” (Dapena, 1977: 155).

+ pronombre personal de tercera persona en función de objeto directo, la *-n* final del verbo se realiza siempre como alveolar” e, despois, dunha “tercera variante del pronome (*-no*)” (Taboada, 1979: 114), aínda que a atribúe unicamente aos verbos. É dicir, só en casos como *veno*¹⁰ ou *boteinos*. A problemática desta “terceira forma” do pronome fai que se vacile entre considerar que o /N/ final sexa realizado como [n]¹¹ ou considerar que existe unha forma plena *no*, co consecuente problema de que facer coa nasal final da palabra á que se adhire.

A pesar de falar estes autores do alomorfo *no* do clítico de acusativo, non din nada con respecto ao que ocorre co artigo en secuencias onde unha forma verbal rematada en nasal vai seguida do artigo determinado: por exemplo, [ˈsonaʃˈtɾeʃ]. Debemos recordar que tampouco o facían Carballo Calero (véxase § 3.2) nin Saco Arce (véxase § 3.1).

4.1.2 Distribución dos alomorfos

Couceiro (1976: 107), Dapena (1977: 155) e Taboada (1979: 108) consideran que, por diversas razóns de carácter fonético-sintáctico, o artigo presenta dous alomorfos (*o* e *lo*), que aparecen en diferentes contextos. Non obstante, só Taboada e Dapena explican como é esa distribución: o primeiro fala de “distribución libre” (Taboada, 1979: 108) e o segundo de “distribución complementaria” (Dapena, 1977: 155). Ao reparar nestes dous termos, doume conta de que son, en certa medida, inexactos. Trask (1996: 150) define a *distribución libre* da seguinte maneira: “the phenomenon in which any of two or more phones can appear in the same position without any effect upon meaning”. Efectivamente, a “asimilación” é posible, por exemplo, cando o artigo vai precedido dun infinitivo: *goberna-las cousas*. Non obstante, Taboada (1979: 110) rexistra “otras formas que no son esporádicas sino que tienen vigencia, en las cuales no se produce la asimilación: *tes que facer a aira*”. É dicir, a pesar de que se dea o contexto adecuado para a aparición de *lo*, o falante é *libre* de escoller entre *o* ou *lo*. Non obstante, o que non é *libre*, senón obrigatorio, son as implicacións de escoller unha forma ou outra: ou ben se selecciona *o* e non ocorre nada, ou ben se selecciona *lo* e se levan a cabo unha serie de procesos que afectan á

¹⁰ Na orixe desta forma volvemos a toparnos co emprego do termo *asimilación*. En Couceiro (1974: 102), díse que “posiblemente se trate de la asimilación de la *l*- inicial de estos pronombres a la *-n* final de algunas formas verbales: *Vin-lo > Vin-no > Vino*”; en Taboada (1979: 114), díse o mesmo: “el fonema *-n*- nace por analogía con la *-n*- de las terceras personas del plural en contacto con el artículo: *ven + lo > ven-no > veno*”.

¹¹ Acontecería que “las formas pronominales enclíticas convierten la *n* en una consonante intervocálica” (Couceiro, 1974: 33).

consoante final da palabra que precede o artigo. Deste xeito, son gramaticalmente correctos tanto *facer a aira* como *face-la aira*, mais sería agramatical **facer la aira*.

Os alomorfos do artigo tampouco están estritamente en “distribución complementaria”, como dicía Dapena. Trask (1996:81) define este termo como segue: “the relation which holds in a given speech variety between two phones which never occur in the same environment”. Polo tanto, para que estivesen estes dous alomorfos en distribución complementaria, *o* non podería aparecer nos contextos óptimos para a aparición de *lo* e si que *o* fai, como acabamos de ver. Ademais, isto, como nos indica Taboada (1979: 110), non debe considerarse como algo esporádico ou un feito illado, senón como unha pronuncia vixente na fala. A este respecto, vexo interesante reparar en que Dapena (1977: 156 subliñado meu) rexistra unha variedade que se podería caracterizar como “urbana” onde o artigo determinado non tería ningún alomorfo: “sólo en Ferrol y lugares más próximos, algunos hablantes poco habituados a hablar gallego utilizan exclusivamente las formas sin *l*, uso que ciertamente se siente como anormal”.

Tendo en mente isto, vexamos que contextos se lle atribúe a cada alomorfo do artigo determinado. Couceiro non menciona explicitamente uns contextos concretos para cada alomorfo do artigo. O que fai é explicar cales son os contextos de aparición das segundas formas do clítico e, en ocasións, incluír nesa explicación tamén cuestións relacionadas co artigo, xa que ambos teñen formas *lo*, “formalmente idénticas” (Couceiro, 1976: 37). Por exemplo, menciona a aparición do alomorfo *lo* do artigo determinado tras a preposición *por*, o adverbio *mentres*, a conxunción *e mais* e “algunas formas verbales terminadas en (-s)” como *imos* (Couceiro, 1976: 37). Non obstante, esta teoría está camuflada dentro da teoría dos alomorfos do clítico. É dicir, non se fala, concretamente, dos contextos de aparición do alomorfo *lo* do artigo.

Dapena (1977: 172) considera o mesmo e explica a aparición do alomorfo *lo* do artigo canda o alomorfo *lo* do clítico. Así pois, di:

las formas átonas de complemento directo constituyen tres alomorfos, cuya distribución depende del contexto fónico: los alomorfos con *l* aparecen, como en el caso del artículo, cuando la palabra anterior al pronombre, y con la que se funde encliticamente, termina en *-r* o *-s*, sonidos estos que desaparecen. Así, *querer + o > querelo* ‘quererlo’, *nos + o > nolo* ‘nos lo’.

Será Taboada (1979: 110-111) o primeiro en presentar uns contextos independentes para as distintas formas do artigo determinado. Cita, por exemplo, que a

forma *lo* do artigo aparece tras un infinitivo (*goberna-las cousas, mata-las moscas*), tras infinitivo + preposición *a*¹² (*marcha-lo monte* ‘marchar al monte’), tras a preposición *por*, tras os adxectivos *todos-todas, ambos-ambas, entrambos-entrambas*, tras os pronomes *nós e vós* (*¡volos gaiteiros!*), tras a conxunción *mais* (*o pai e mailo fillo*) e tras a preposición *tras* (*anda a ollar tralas portas*).

Ademais desta notable profundización no estudo da morfoloxía do artigo, Taboada (1979: 111) retoma a cuestión da ausencia de pausa como requisito para oír estas realizacións. Esta cuestión, como xa vimos, tamén a apuntara Carballo Calero. Taboada cítao. Mais, sobre todo, ao meu ver, o máis importante que temos que destacar da obra de Taboada en relación coa morfoloxía do artigo é que, a pesar dos desaxustes e incoherencias que xa fomos citando, este autor reconece que:

La presencia del artículo y de la forma oblicua del pronombre de tercera persona produce el cambio asimilatorio en *-l* de la *-r* final de los infinitivos, y de la *-s* de gran número de palabras. Se trata de un contexto morfemático, porque es la presencia del artículo o del pronombre de tercera persona en su forma oblicua lo que produce la variante: *o neno iba ir onte ó médico; mais hoxe non podo* (Taboada, 1979: 110 subliñado meu).

Nunca ata o de agora se tratara este fenómeno como un fenómeno morfolóxico, senón como un fenómeno fonético-fonolóxico. Polo tanto, paréceme importante facer ver que Taboada é consciente, non só de que a “asimilación” non ocorre con calquera consoante final *-s* ou *-r*, senón que é fundamental que despois desas consoantes apareza o artigo. Este feito lévao a deixar rexistrado este fenómeno baixo a etiqueta de “morfemático”, parece que por primeira vez nos estudos galego de *Gramática*.

4.2 ROSARIO ÁLVAREZ (1983) E CARMÉ HERMIDA GULÍAS (1991)

A importancia das obras dialectais que acabamos de describir reside en que “os traballos morfolóxicos *modernos* (coma os sintácticos) xurdiron a comezos dos anos 70 do século XX asociados, sobre todo, ás monografías dialectais levadas a cabo como teses de doutoramento” (Cidrás / Dubert, 2017: 117). É dicir, estes traballos están na base dos novos estudos morfolóxicos que irán aparecendo, cada vez en maior número, dende o último terzo do S.XX.

Moitos destes novos traballos xa non se farán sobre falas concretas, senón sobre datos tomados da xeneralidade do galego. Así pois, en 1979, Fernández Rei defende a súa

¹² “esta última asimilación no se produce en outros lugares de Galicia” (Taboada, 1979: 111).

tese sobre a morfoloxía do verbo galego na que analiza diacrónica e sincronicamente as variantes diatópicas recollidas no *ALGa*; e en 1980, Rosario Álvarez defende a súa sobre o pronome persoal facendo unha análise del, da súa función e da súa colocación (Fernández Rei, 1991: 36). Esta última “converterase axiña na principal referente en investigación gramatical dentro do ILG e, en gran medida, tamén no conxunto da lingüística galega” (Cidrás / Dubert, 2017: 116). Esta lingüista publicou un artigo no número 10 da revista *Verba* do ano 1983 sobre a morfoloxía do artigo galego, un artigo de referencia neste eido, do que falarei neste apartado.

A autora recolle no primeiro parágrafo o groso do que vimos nas páxinas anteriores. Preséntoo aquí porque creo que é unha definición moi clara da que partir e sobre a que traballar a partir deste momento do traballo:

En galego, coma en case tódalas linguas románicas, o artigo remóntase ó demostrativo latino ILLE, ILLA, ILLUD, e máis concretamente ó seu acusativo; e ó igual ca nestas linguas, o artigo galego presenta formas suxeitas a variacións de xénero e número: masculina e feminina, cos plurais correspondentes (*o avó, a avoa, os avós, as avoas*); a forma do neutro confluíu coa do masculino na maior parte do noso territorio, polo que, con excepción feita na modalidade do galego asturiano, non podemos falar hoxe dun artigo neutro. A novidade do galego reside en que presenta tres alomorfos en distribución complementaria e en que estes están fonoloxicamente condicionados polo fonema final da palabra precedente (Álvarez, 1983: 169 subliñado meu).

Deste xeito, o sistema “do galego estándar e o que se rexistra na case totalidade do territorio galego” (Álvarez, 1983: 169) é o que expoño na Táboa 5:

	Masculino	Feminino
Singular	o/lo/no	a/la/na
Plural	os/los/nos	as/las/nas

Táboa 5, “O paradigma do artigo determinado galego” (Álvarez, 1983: 169)

Grazas aos traballos dialectais deses anos, como, por exemplo, os realizados para a elaboración do *ALGa*, Rosario Álvarez é capaz de destacar ademais dous subsistemas dialectais: o do galego asturiano, que ten unha forma neutra *lo* e unha forma masculina singular /l/ e o dunha zona de Ourense onde non existe o alomorfo *lo* (Álvarez, 1983: 170). Pero independentemente destas especificacións, na maioría das falas galegas o sistema do artigo ten tres alomorfos cuxa existencia “vén condicionada historicamente pola evolución da consoante do primitivo artigo *lo, la, los, las* en contacto co sonido vocálico ou consonántico final da palabra precedente” (Álvarez, 1983: 170).

Non ían, polo tanto, desencamiñados os autores anteriores ao falar de asimilacións, porque historicamente as formas actuais son resultado de procesos asimilatorios; nin tampouco ao explicar o artigo conxuntamente ca P3 do clítico de acusativo pois, formalmente, os seus alomorfos son idénticos e, etimoloxicamente teñen a mesma orixe. O artigo de Rosario Álvarez é importante por varias cuestións: primeiro, porque presenta de xeito sistemático, baseándose no galego oral, os contextos onde a aparición dunha forma do artigo ou outra está condicionada e, ademais, pon enriba da mesa por primeira vez a posibilidade de que exista un alomorfo *no* tamén para o artigo determinado e non só para a P3 do clítico de acusativo.

Os contextos que Rosario Álvarez (1983) establece para cada alomorfo do artigo coinciden na súa maioría cos que mencionamos ao principio (véxase § 2) e que están reflectidos nas *NOMIG* (2012²³). Non obstante, tamén rexistra outros usos que non aparecen recollidos nelas.

4.2.1 O alomorfo *o*

Este alomorfo aparece na frase cando o artigo vai precedido dunha palabra rematada en vocal ou cando, pola razón que sexa (interrupción da secuencia fónica, dialectalismo, castelanismo...), non se usa ningún dos outros alomorfos. Recibe o nome de “primeira forma”¹³ (Álvarez, 1983: 170). Fai a autora no seu artigo unha serie de consideracións de carácter dialectal acerca desta forma nas que non me deterei por non ser o obxectivo principal da miña investigación.

Pola contra, si que creo conveniente reparar en tres fenómenos fonético-sintácticos que afectan ao artigo determinado e que Rosario Álvarez (1983: 171) menciona neste artigo: primeiro, a alteración da vogal do artigo, que pode realizarse aberta /o/ cando vai precedida da conxunción *e* realizada como semiconsoante /j/: [o'kanjɔ'gato]; o rotacismo de *s* implosivo que pode afectar á consoante final do artigo: [ar'majs]; e por último, a alteración da vogal do artigo ao entrar en contacto coa vogal anterior ou posterior, por exemplo, producíndose unha coalescencia entre a vogal final e a vogal do artigo, como en [es'taβɔtra'βaλo].

¹³ “A denominación de /o a os as/ como “primeira forma do artigo” e de /lo la los las/ como “segunda forma”, xeral hoxe na lingüística galega, parte da edición do método de aprendizaxe *Gallego 1*, do Instituto da Lingua Galega, no ano 1971. O término “primeira” non se refire á cronoloxía, senón a que estas son as formas que espontaneamente os galegos sinalan como as do seu artigo; a existencia dos outros alomorfos, a pesar da súa vitalidade, só se fai aparente tras unha reflexión sobre os feitos lingüísticos” (Álvarez, 1983: 170).

4.2.2 O alomorfo *lo*

Este alomorfo está condicionado “por un /r/ ou /s/ final da palabra precedente, sempre que esta se atope dentro do mesmo grupo de entoación có artigo, é dicir, sempre que non haxa unha pausa entre esa palabra e o artigo” (Álvarez, 1983: 174). Xa non se fala neste artigo de que “é unha forma arcaica” (nome que leva recibindo ao longo das obras que fomos consultando) senón de que “era a primitiva forma galega” (Álvarez, 1983: 173). Hai, polo tanto, unha total separación sincronía-diacronía, que resultaba problemática nos autores anteriores. Por este motivo, xa non se fala sincronicamente de “asimilación” senón de que “a presenza deste alomorfo conleva a perda da consoante que o condiciona, aínda que esta con grande frecuencia sexa constituínte fónico dun morfema de número ou de número e persoa” (Álvarez, 1983: 174).

Os contextos de aparición que rexistra Rosario Álvarez (1983: 174) coinciden na meirande parte cos incluídos nas *NOMIG* (2012²³) e que citei ao principio deste traballo (véxase § 2). Neses contextos, *lo* aparece “de maneira constante” (Álvarez, 1983: 174). Tamén de maneira constante aparece tras da preposición *des* (*dela casa*), un uso que non se rexistra nas *NOMIG* (2012²³). Como excepción á regra da súa aparición tras /s/ ou /r/ finais, cómpre indicar o seu uso “constante, tralo adverbio *u*, hoxe de uso moi escaso se non é ligado ó artigo ou ó pronome (*¿U-las cebolas?, ¿Ulas?*)”. Ademais, aparece fosilizada na forma adverbial *alomenos*, moi viva no galego moderno. A “constancia” da súa aparición nestes contextos pode deberse a que a ausencia de pausa é sistemática entre a palabra precedente e o artigo. Débese recordar que, segundo Rosario Álvarez (1983), isto condicionaba ou non a aparición dos segundos alomorfos: “*atopámo-lo libro onde o deixaches pero Nos poucos exemplos que atopamos, o pronome ocupa o lugar correcto*” (Álvarez, 1983: 174).

Non obstante, hai outras formas tras das cales non adoita haber tan sistematicamente unha pausa e nas que Rosario Álvarez (1983) recolle tamén a aparición deste alomorfo. Estas son: adverbios como *despois*, *antes*, *entonces*, *mentres*; conxuncións *pois* e *mais* ou calquera palabra rematada en /r/ ou /s/ como por exemplo *pesetas*, *mellor*. Tamén pode aparecer tras do participio en construción absoluta e incluso detrás do morfema de plural¹⁴. Ademais, “esporadicamente” tamén recolle exemplos onde

¹⁴ Nesta ocasión, considerei incluír a pé de páxina algúns dos exemplos que cita Rosario Álvarez (1983:175) para favorecer a claridade na lectura: “*pra que despoi-lo Xan*”, “*entonce-lo borracho foise levantando*”, “*méntra-la nena relouca*”, “*valen a doce peseta-lo quilo*”, “*perdída-las esperanzas, marcharon*”.

o /l/ do alomorfo se perdeu¹⁵: “en lugar de *cantámo-los números* o que se dá é *cantamo os números* ou, mais frecuentemente, *cantamos números*¹⁶” (Álvarez, 1983: 175).

Como xa indiquei, este alomorfo non existe nunha zona determinada da provincia de Ourense “que debuxa aproximadamente un triángulo con base na raia portuguesa” (Álvarez, 1983: 176), na que atopamos, polo tanto, *coller o tren, todos os* ou *por os camiños*; o alomorfo *lo* tampouco é común no galego de Asturias (véxanse mapas 1, 2 e 3 dos ANEXOS, tomados do *ALGa II*). Ademais, esta autora confirma aquilo no que reparara Taboada: “nos neofalantes e en xeral no galego urbano do resto de Galicia, advírtese unha tendencia á desaparición deste alomorfo a favor do uso de /o/ nos contextos sinalados” (Álvarez, 1983: 177).

En canto á súa representación na escrita, houbo problemas sempre, como xa vimos a propósito de Saco Arce e Carballo Calero. Estes problemas, nun inicio, eran froito da dificultade de segmentación. Non obstante, o debate na actualidade adquiriu unha certa vontade política (véxase Costas González, 1988). Como explica Hermida Gulías (1991) as dúas posturas extremas están representadas polas propostas normativas do ILG/RAG e da AGAL. Os primeiros, como xa vimos, defenden o seu uso. Os segundos, pola contra rexéitano. Nestas circunstancias, Hermida Gulías elabora un estudo diacrónico do alomorfo *lo*, que complementa a información sincrónica do artigo de Rosario Álvarez (1983), realizando “un baleirado das composicións dos cancioneros medievais á busca da representación gráfica do alomorfo *lo* e das regras do seu uso” (Hermida Gulías, 1991: 73).

Así pois, nas cantigas profanas galegoportuguesas medievais, o alomorfo *lo* aparece en catro contextos: “a) tras palabras rematadas en *r*, b) tras palabras rematadas en *-s*, c) tras palabras rematadas en *b*, e d) tras palabras rematadas en vocal” (Hermida Gulías: 74). Nos dous primeiros contextos, segue aparecendo na actualidade, como xa vimos. No terceiro contexto só o rexistrou Rosario Álvarez (1983: 174) tras do adverbio *u* (**ub* en galego medieval). Despois de vogal, a segunda forma do artigo non aparece nunca na actualidade de non ser no adverbio *alomenos*, onde aparece fosilizada (1983: 174). En relación con isto cómpre reparar no que nos di Hermida Gulías (1991: 83) “os

¹⁵ Este uso tamén o rexistra Saco Arce (1868: 151). Inclúe a pé de páxina: “*Todos* pierde á veces la sílaba *os* antes del artículo, como: *Tod’os anos*”. A descrición difire, obviamente, da de Rosario pero o fenómeno rexistrado é o mesmo.

¹⁶ Que presenta /o:/ froito do encontro entre vogais. Non debe confundirse cun caso de ausencia de artigo.

diversos autores que estudiaaron a lingua medieval dos cancioneros ou da prosa historiográfica opinan que o emprego de *lo* despois de vocal ou de consoante que non fose nin *-r* nin *-s* constitúe un caso claro de interferencia do castelán”. Independentemente deste tipo de consideracións, o interesante deste traballo son os datos lingüísticos porcentuais (Hermida Gulías, 1991: 84) e as conclusións que se tiran deles¹⁷.

4.2.3 O alomorfo *no*

Este alomorfo

aparece de maneira xeral tralas formas verbais rematadas en /n/, trala preposición *sen* (e *en*, anque con maior evolución fonética pola contracción das dúas palabras), tralo adverbio *tamén* e trala conxunción *nin*; noutras palabras, sempre que o artigo e a palabra precedente rematada en /n/ están intimamente ligados dentro do mesmo grupo entoacional (Álvarez, 1983: 178).

Consideraríase a existencia deste alomorfo se se segmentase [ˈkəmenoˈkaldɔ] en /kəme/ e /no/. Non obstante, Rosario Álvarez (1983: 178) di que, sen que deixe de ser un fenómeno morfolóxico por iso, tamén se podería valorar a segmentación “/ˈkəmen/ e /o/, supoñendo que a variación (...) está no verbo e non no artigo”. Coincidindo cos autores últimos que comentamos, Rosario Álvarez (1983: 178-179) expón que en galego o arquifonema /N/ en posición final realízase sempre como velar, “pero cando o seguen o artigo ou o pronome persoal acusativo átono de terceira persoa tórnase alveolar” xa que “provén da redución da xeminada /nn/ producida trala asimilación entre /n/ final da palabra precedente e /l/ inicial da primitiva forma do artigo”.

Cómpre destacar o que se di ao respecto desta “terceira forma”:

No caso do alomorfo /lo/ é a consoante inicial do primitivo artigo a que asimila a si a consoante final da palabra precedente: en *colle-lo neno* ou *collelo*, /l/, coñecementos históricos á parte, non pode ser identificada como parte do morfema verbal. En *collen o neno*, en cambio, a asimilación fíxose a favor da consoante final da palabra que precedía ó artigo, pero ademais calquera pode segmentar /ˈkəlenoˈneno/ en /ˈkəlen/ /o/ e /neno/, salvando a pequena dificultade (por pouco evidente) da distinta realización de /n/ (Álvarez, 1983: 180).

¹⁷ “1) A segunda forma, ou alomorfo *lo*, do artigo está en relación directa coa segunda forma do pronome. Así o demostra non só o feito de que este apareza sempre despois dunha forma verbal ou pronominal rematada en *-r* ou *-s*, senón tamén a circunstancia deste poder aparecer nos outros contextos nos que pode aparece-lo artigo, como xa quedou debidamente exemplificado ó longo do traballo. 2) Segundo se desprende do cadro resume de porcentaxes, o alomorfo *lo* do artigo era de uso constante na época dos cancioneros, aínda que os índices de aparición varían dependendo da palabra precedente. É maioritaria a súa presenza cando vai precedido dun pronome, dun indefinido, dunha preposición ou dun adverbio. Se o seu antecesor é un verbo os niveis de emprego descenden ata convertérense en minoritarios, aínda que significativos” (Hermida Gulías, 1991: 84-85).

Isto podería estar na base do feito, como indica Rosario Álvarez (1983: 179), de que, a pesar de “dárense as condicións fonolóxicas adecuadas”, en ocasións o alomorfo escollido sexa /o/, no canto de /no/. Dáse este feito sobre todo nos máis novos e non cre que se deba considerar unha interferencia do castelán, senón “un fenómeno interno, producido ó considerar separadamente verbo, artigo e sustantivo, sen atender a condicionamentos fonolóxicos con existentes noutros contextos” (Álvarez, 1983: 180). É dicir, /lábana róupa/ segmentase como /labaŋ/ /a/ /roupa/, como en *lavan moito* /labaŋ/ e en *quero a roupa* /a/ (Álvarez, 1983: 180).

Sexa como for, non coincido en que isto sexa unha “pequena dificultade”. Así pois, este problema na segmentación das secuencias caracterizadas pola aparición da suposta “terceira forma” derivará en dúas posturas opostas e as súas correspondentes implicacións: ou ben o arquifonema /N/ en posición final ten unha realización alveolar cando vai seguido do artigo e, polo tanto o artigo determinado só ten dous alomorfos (*o* e *lo*); ou ben o arquifonema /N/ en posición final só se pode realizar velar e, polo tanto, o artigo determinado ten tres alomorfos (*o*, *lo* e *no*) e hai que se enfrontar á problemática que trae consigo a inserción de cada un; non queda moi claro no artigo de Rosario Álvarez (1983) que lle acontecería neste caso ao arquifonema nasal /N/. Esta será unha das cuestións nas que a maioría dos autores diferirán a partir deste momento, aceptando como punto de inicio todo o que acabo de resumir.

4.3 AS GRAMÁTICAS ESTRUTURALISTAS

Uns anos despois da *Gramática elemental del gallego común* de Carballo Calero (1979⁷), aparece a *Gramática galega* de Álvarez / Regueira / Monteagudo (1986), que “será a nova obra de referencia durante a segunda metade dos 80 e nos anos 90” (Cidrás / Dubert, 2017: 116) e “a primeira gramática feita por profesionais, cunha metodoloxía moderna” (Fernández Rei, 1991: 37). Como indican Cidrás / Dubert (2017: 116), por ser

filla do seu tempo coma todas, a obra presenta desequilibrios e lagoas de contido, basicamente debidos á falta de suficientes estudos previos en determinadas áreas, a pesar dos xa sensibles avances acadados daquela no coñecemento do galego ao abeiro do (...) programa de actuación do ILG.

Anos máis tarde, despois da publicación desta *Gramática*, Álvarez / Xove publican a *Gramática da lingua galega* (2002), na que recollen todos os avances no estudo da Gramática que se deran ata entón. Esta *Gramática* “vén funcionando como

gramática oficiosa do ILG ata o presente” (Cidrás / Dubert, 2017: 116). Simultaneamente, pero no ámbito da Universidade da Coruña, Freixeiro Mato publica en varios volumes a súa *Gramática da lingua galega* (2006)¹⁸. Cidrás / Dubert (2017: 116) destacan que:

Por primeira vez conviven no ámbito universitario galego dúas gramáticas de referencia que, sen seren substancialmente distintas no descrito, si responden a dous alentos diferentes na maneira de describir: máis intervencionista e afastada da lingua oral a de Freixeiro, máis descritivista e apegada a ela a de Álvarez e Xove.

4.3.1 *Gramática galega*, Rosario Álvarez / Xosé Luís Regueira / Henrique Monteagudo (1986) e *Gramática da lingua galega*, Rosario Álvarez / Xosé Xove (2002)

Na *Gramática galega* de Álvarez / Regueira / Monteagudo (1986: 136), recoñécense para o artigo só dúas formas: a primeira (*o, a, os e as*) e a segunda (*lo, la, los, las*). Coinciden estes autores co artigo de Rosario Álvarez (1983) nos contextos de aparición de cada unha das formas aínda que, polo distinto carácter e obxectivos de ambos os dous traballos, a información lingüística no artigo de Rosario baséase na oralidade e nesta *Gramática* a información está condicionada pola escrita, no sentido de que se propoñen “regras” para representar os *alomorfos* do artigo. Non obstante, non é que dependan da escrita, coma Saco Arce ou Carballo Calero. Estes dous autores, incluían nas súas respectivas gramáticas instrucións de como se escribía o que se falaba e como se lía o que se escribía e iso condicionaba, en certa medida, a súa análise (véxase § 3.2.2). Pola contra, Álvarez / Regueira / Monteagudo (1986: 138), sen condicionar de ningunha maneira a súa análise, senón de xeito complementario, inclúen algunha orientación ortográfica coma, por exemplo:

A forma do artigo sepárase cun guión da palabra precedente, en contra do que ocorre nos restantes casos. Isto débese a que naqueles pode darse tamén un pronome coa mesma forma e cómpre diferenciarlos: o pronome únese directamente e o artigo precisa dun guión.

Álvarez / Regueira / Monteagudo (1986: 137) consideran que “a presenza da segunda forma do artigo conleva a desaparición de *-s* ou *-r* precedentes” e, ademais, que “a efectos de acentuación hai que considera-lo conxunto formado pola forma precedente e o artigo (ou pronome) como unha única palabra” (Álvarez / Regueira / Monteagudo, 1983: 138). Na *gramática da lingua galega* de Álvarez / Xove (2002: 444), coincídese con todo isto e ademais engádese que “a *segunda forma* do artigo representase

¹⁸ Nun primeiro momento, publicáronse os catro volumes ao longo do período 1998-2003: *Fonética e fonoloxía*, *Morfosintaxe*, *Semántica* e *Gramática do texto*; máis tarde, no 2006 reeditáronse todos dunha soa vez.

convencionalmente como *lo*, *lo-s*, *la*, *la-s*, aínda que o *-l-* pertence tanto ó artigo como á palabra anterior”. Isto fai que secuencias caracterizadas pola aparición do *segundo alomorfo* do artigo se volvan inanalizables: os alomorfos do artigo “presentan amálgamas entre o morfema *artigo* e a palabra precedente (*polo*)” (Álvarez / Xove, 2002: 443). En *polo*, por exemplo, “non se pode face-la segmentación dos morfos que corresponden ó morfema *artigo* e ó morfema *preposición*” (2002: 443).

No referente ao debate sobre a existencia da “terceira forma”, os tres primeiros autores posiciónanse a favor de considerar que non existe un alomorfo *no*, senón que o alomorfo *o* fai que o *-n* final dalgunhas palabras como as preposicións *sen* ou *nin* (Álvarez / Regueira / Monteagudo, 1986: 138) ou as formas verbais rematadas en *-n* (Álvarez / Regueira / Monteagudo, 1986: 34) sexa alveolar e non velar, como cabería esperar. Recordemos o que xa expuxen sobre neutralizacións nos autores das gramáticas dos dialectos acerca de que os catro fonemas nasais do galego /m/, /n/, /ɲ/ e /ŋ/ en posición final se neutralizan no arquifonema /N/, que “admite diversas realizacións segundo o contexto, anque a máis frecuente é como velar” (Álvarez / Regueira / Monteagudo, 1986: 33). Estes autores falan dunha excepción. O arquifonema /N/ en posición final e antes de vogal sempre se pronuncia como velar, agás se a vogal á que precede é o alomorfo *o* do artigo determinado, caso no que pasa a pronunciarse como alveolar.

Para eles, esta excepción débese a que a consoante nasal só aparentemente é final:

A súa pronunciación é sempre alveolar, e aínda que graficamente se atribúe á palabra precedente, desde o punto de vista morfolóxico parece máis correcto atribuírla ó alomorfo do artigo ou do pronome. A pronuncia corrente é *comen* [ˈkɔmɛŋ], *comen ás dúas* [ˈkɔmɛŋˈasˈduas], *comen a feito* [ˈkɔmɛŋˈaˈfeitɔ] pero *comen o pan* [ˈkɔmenoˈpaŋ] (Álvarez / Regueira / Monteagudo, 1986: 34).

Pola contra, na *Gramática da lingua galega* (Álvarez / Xove, 2002) si se considera a existencia dun *terceiro alomorfo no*. Non obstante, non queda moi claro o que acontece co arquifonema /N/ ao inserir devandito alomorfo:

a palabra anterior acaba en *-n*, que deixa de pronunciarse [ŋ], como corresponde a ese contexto fónico, e pasa a pronunciarse [n], mudanza en que a consoante [n] pertence morfoloxicamente tanto ó artigo como á palabra anterior (...) Na norma tamén se acepta a pronuncia con [ŋ], que implica a desaparición deste alomorfo en favor do primeiro (Álvarez / Xove, 2002: 446).

Só atopei unha referencia explícita ao que lle acontece á nasal final nun artigo de Rosario Álvarez (1991: 527). Nel, explica que o arquifonema /N/, que aparece en posición implosiva, non ten realizacións alveolares en galego. Por ese motivo, propón que, en secuencias do tipo *comen o pan* ['kɔmeno'paŋ], a selección do *terceiro alomorfo* implique a desaparición do fonema que condiciona a súa aparición: “un alomorfo /no/, condicionado por /n/ precedente que asimesmo desaparece” (Álvarez, 1991: 527).

4.3.2 *Gramática da lingua galega*, Xosé Ramón Freixeiro Mato (2006)

Tratamento á parte creo que merece a *Gramática da lingua galega* de Freixeiro Mato (2006) en canto ao tratamento do artigo, por partir dunha concepción teórica distinta a todo que vimos ata agora: non se considera nela que o artigo constitúa unha categoría gramatical de seu. As razóns, sen entrar moito en profundidade, quedan explicadas por Freixeiro Mato (2006b: 260 subliñado meu) da seguinte maneira:

Incluimos o tradicionalmente chamado artigo determinado *o, a, os, as* dentro dos pronomes identificadores definidos (igual que *calquer, cada, ambos, certo, un*), porque os seus valores e funcións son do mesmo tipo que os de calquer outro pronome, notándose certo paralelismo cos demostrativos (*Dáme este libro / Dáme o libro; Dame este azul / Dáme o azul*): a ausencia do nome substantivo ao que se refire torna o pronome determinante *o, a, os, as* en pronome substantivo en función nuclear, aínda que ten de levar necesariamente un modificador ao lado (*Déixame o pequeno; Déixame o mesmo*).

Esta consideración non é unha excepcionalidade dentro dos estudos gramaticais do galego, xa que, por exemplo, aparece tamén na *Nova gramática para a aprendizaxe da lingua*, de Costa Casas *et alii* (1988). Esta *Gramática* fíxose cunha orientación máis práctica que a de Álvarez / Xove (2002) ou a de Freixeiro Mato (2006) e, ao estar dirixida a usuarios non académicos, tivo moita sona sobre todo entre o profesorado de ensino medio nos anos 90. Nela, distínguense varios tipos de pronomes (Costa Casas *et alii*, 1988: 85-141). Entre eles, por exemplo, os pronomes persoais¹⁹ átonos de CD (aos que me referín neste traballo como *clíticos de acusativo*, na maioría dos casos), e os pronomes identificadores²⁰ simples (aos que nos referimos, eu e todos os autores que analicei, como *artigo determinado/definido*).

¹⁹ “Os pronomes persoais son as formas gramaticais que designan persoas reais que están dentro do circuito básico do proceso comunicativo (*emisor e receptor*) e representan persoas ou non persoas reais que están fora dese circuito básico (*o referido*)” (Costa Casas *et alii*, 1988: 91).

²⁰ “Chaman-se identificadores os pronomes que fan referencia a unha realidade indicando de cal se trata (*identificadores simples: a, cada, un, calquer*) e, alén diso, poden establecer unha relación de igualdade ou diferenza de identidade ou grupo (*identificadores reforzados: própria, outros*)” (Costa Casas *et alii*, 1988: 121).

Se, por exemplo, na *Gramática da lingua galega* de Rosario Álvarez e Xosé Xove (2002:443) se dicía que o artigo tiña unha morfoloxía complexa, Freixeiro Mato (2006b: 261) di que o artigo “constitúe un inventario moi reducido (*o, a, os, as*)”. No relacionado cos seus alomorfos, cuestión da que viñemos falando ata agora e na que centramos o noso estudo, a pesar de mencionar “os alomorfes *lo, la, los, las*” (Freixeiro Mato, 2006b: 261) e non considerar *no* un alomorfo do artigo (como na *Gramática galega* de 1986), non considera que o artigo experimente procesos morfolóxicos en diccións do tipo *vender a casa* [beŋ'dela'kaʃa], senón procesos producidos por “fonética sintáctica”, máis concretamente “asimilacións”. Xa expliquei devagar nas partes correspondentes do traballo (véxase § 3.2.1) porque vía problemas neste tipo de descricións (inexactitude sincrónica do termo “asimilación”, carácter morfolóxico do proceso, etc.), así que non volvei sobre elas. Chámame a atención que, a pesar disto, fala de “alomorfe”; quizais o fai por ser a terminoloxía que se emprega en Álvarez (1983), Álvarez / Regueira / Monteagudo (1986) ou Álvarez / Xove (2002).

Ademais, Freixeiro Mato (2006a: 212), para posicionarse en contra da súa representación gráfica, debate ao que xa dedicamos unhas verbas máis arriba, alega que “estas asimilacións por fonética sintáctica son propias da lingua oral, onde só se realizan esporadicamente nunha pronuncia espontánea e relaxada”. Así pois, “a non representación escrita é a que posibilita as dúas pronuncias, unha máis enfática sen asimilación e outra máis rápida ou relaxada con ela” (Freixeiro Mato, 2006a: 213). Así e todo, non entendo por que *comer o caldo* pode representar as dúas pronuncias e *come-lo caldo* só unha. Sexa como for, e independentemente deste debate, Freixeiro Mato non retoma a condición da pausa para que aparezan estas *formas* do artigo, senón que fala dunha cuestión da velocidade do falar do tipo de rexistro ou situación sociocomunicativa na que se fala.

5 ESTUDOS CONTEMPORÁNEOS

Antes de comezar con estes últimos apartados, creo necesario puntualizar que o postulado teórico que seguía Freixeiro Mato (2006), segundo vimos en § 4.3.2, non aparecerá nos estudos comentarei a continuación; refírome a que este autor consideraba que o artigo non formaba unha clase gramatical de seu, senón que pertencía á clase gramatical dos pronomes. En todo caso, este non é un problema morfolóxico, senón léxico e sintáctico. De feito, nos traballos cos que traballarei non haberá consideracións acerca disto. É dicir, en todos se considera que o artigo é unha unidade gramatical diferenciada do pronome. Porén, si que se retomará un outro debate, xa de carácter morfolóxico, que viamos nos autores do *Estructuralismo* e que versaba arredor do número de alomorfos do artigo.

5.1 NÚMERO DE ALOMORFOS DO ARTIGO DETERMINADO

Resumindo, neste debate enfrontábanse dúas posturas fundamentais: ou o artigo determinado tiña dous alomorfos: *o* e *lo*; ou tiña tres: *o*, *lo* e *no*. O problema, como se ve, non está na aceptación da existencia da primeira ou da segunda forma, senón na existencia da terceira. Vou exemplificar isto tomando como exemplo secuencias do tipo *comen o pan* ['kɔmeno'paŋ]. Segundo o que explica Dubert (2004), os autores que cren que non existe un alomorfo *no*, argumentan que o arquifonema posnuclear /N/ seguido do artigo modifica o seu punto de articulación desde o esperado [-ŋ] ante vocal para o alveolar [-n]. Deste xeito, [-n], ao ser unha realización de /N/, pertencería á unidade implosiva -/N/ de /kɔmeN/ e non á forma do artigo, que sería *o*. Pola contra, os autores que cren na existencia dunha terceira forma *no*, consideran que a inserción deste alomorfo provoca a eliminación²¹ de /N/ e, polo tanto, [n] forma parte do artigo.

Dubert (2004: 61) cre que esta desconformidade xorde ao darlle excesiva importancia a dúas cuestións:

- a) O proceso histórico de creación das variantes: nun caso encontrámonos ante unha asimilación regresiva, en que o asimilante foi o *-l* do artigo; no outro ante unha asimilación progresiva, en que o asimilante foi o *-n* da outra unidade; e b) Que exista unha maior distancia fonética e fonolóxica entre [r] e [ʃ] e [l] ca entre [ŋ] e [n].

²¹ Só Rosario Álvarez (1991) facía explícito que o que acontecía era que /N/ desaparecía.

Este autor considera que o feito de considerar que o artigo determinado só ten dous alomorfos (*o* e *lo*) implica ter que considerar que o que ocorre en [beŋ'dela'kaʂa] e ['kɔmeno'paŋ] son dous fenómenos distintos. Por iso, defende que o artigo determinado ten tres alomorfos e, polo tanto, o que ocorre nos exemplos citados arriba é un mesmo fenómeno: “se o cambio se produce, nos dous casos, pola presenza dunha determinada unidade morfolóxica [o artigo], a interpretación que se lle dea ó fenómeno pode ser común” (Dubert, 2004: 61). Para Dubert (2004: 63), a vantaxe principal disto é que se simplifica a descrición das regras fonolóxicas do galego, posto que xa non hai que introducir nela excepcións fundamentadas en condicionamentos morfolóxicos.

É dicir, quen non cría na existencia dun alomorfo *no* do artigo, consideraba que /N/ en posición final ante vogal sempre se realizaba velar [ŋ], agás se esa vogal pertencía ao artigo, caso no que pasaba a ser alveolar [n]. Dubert (2004), pola contra, cre que o arquifonema /N/ en posición final ante vogal só se pode realizar velar. Por ese motivo, di:

/ŋ/ e /N/ son dúas unidades fonolóxicas distintas (...). O fonema /n/ só se pode identificar coa realización [n], e o fonema /ŋ/ só co son [ŋ] (...). Isto significa que en ['ano] identificámo-la secuencia fonolóxica /'anO/, en ['uŋa] identificamos /'uŋa/, e en [ale'mãŋ] a secuencia /ale'maN/.
Dubert, 2004: 62-63)

Desta maneira, a forma fonolóxica que subxace a ['kɔmeno'paŋ] é /'kɔmEnO/ e non /'kɔmENO/. Na primeira, acéptase a existencia do alomorfo *no* do artigo; na segunda, /N/ do verbo artículase alveolar por ir seguida do artigo. A razón de considerar que /'kɔmEnO/ subxace a ['kɔmeno'paŋ] é que, como cre Dubert (2004: 63), “a nasal das 3^{as}Fs remite a unha unidade explosiva na compoñente fonolóxica (...), un /n/ que só pode ser explosivo”. Polo tanto, para Dubert (2004: 63 adaptado por min):

A presenza do pronome acusativo e do artigo non ocasiona un cambio nas regras que actualizan os fonemas e arquifonemas, senón que provoca un cambio na selección das entidades fonolóxicas sobre as que asentan os contidos léxicos e gramaticais. Deste modo, non se alteran as regras fonolóxicas, que son sempre as mesmas, senón que se substitúe unhas unidades fonolóxicas por outras:

/'kɔmES'paN/ > /'kɔmElo'paN/
/ko'meR'paN/ > /ko'melo'paN/
/'kɔmEN'paN/ > /'kɔmEno'paN/


(Dubert, 2004: 63 adaptado por min)

5.2 PROCESO DE INSERCIÓN E SEGMENTACIÓN MORFOLÓXICA DOS ALOMORFOS DO ARTIGO DETERMINADO

Seguindo o que se dixo no apartado anterior, Dubert (2004: 65) expón que:

O artigo determinado e o pronome acusativo da P₃ teñen tres alomorfos que aparecen condicionados fonoloxicamente: se a palabra precedente acaba en vocal aparecen as denominadas 1ªFs, se remata en /R/ ou /S/ aparecen as 2ªFs, e se remata en /N/ aparecen as 3ªFs.

Se recordamos, en § 4.3.1, expuxen que Álvarez / Regueira / Monteagudo (1986: 137) consideraban que, a efectos de acentuación, o artigo e a palabra precedente terían que ser considerados unha única palabra. Dubert (2004: 62), nesta liña, considera que nunha secuencia do tipo *come-lo pan* poderíamos considerar *come-lo* unha soa palabra fonolóxica, “independentemente da función morfolóxica e sintáctica que desenvolvan cada un dos constituíntes que nela achegamos segundo o nivel de análise en que nos movamos”. Por exemplo, na secuencia *come-lo pan*, verbo e artigo están en niveis sintácticos distintos: o verbo é núcleo dunha FV e o artigo determina ao substantivo ao que precede, formando unha FN argumental que funciona como CD:



Na palabra fonolóxica *come-lo*, para Dubert (2004: 65), o artigo funciona como un sufixo. A adición do alomorfo *lo* (e tamén do alomorfo *no*) pon en marcha un proceso morfolóxico de *subtracción*²², consistente na perda do fonema final da palabra á que se adhire. No caso de seleccionar a segunda forma, pérdense /S/ ou /R/; no caso de seleccionar a terceira, pérdese /N/.

Dubert (2004: 65) considera que este proceso se produce no nivel morfolóxico e non no fonolóxico. Para xustificar isto, bota man de dous tipos de regras: as *regras de*

²² Trask (1993: 269) define o termo como segue: “Any morphological process involving the removal of part of a root”.

*reaxuste*²³ e as *regras fonolóxicas*²⁴. As primeiras, fundadas en información gramatical, “aplícanse primeiro e crean a secuencia fonolóxica”; as segundas, fundadas en información fónica, aplícanse despois “e transforman as unidades xa constituídas desde o nivel fonolóxico ó fonético”. Por exemplo, seguindo co último exemplo que empregamos, expoño os estadios distintos nos que se divide o proceso de inserción de cada un dos alomorfos do artigo segundo este autor (adaptado de Dubert, 2004: 66):

- | | | |
|-------------------------------|--------------------------------|--------------------------------|
| (1) a) /'kəmE/ + /O/ + /'paN/ | (2) a) /ko'meR + /IO/ + /'paN/ | (3) a) /'kəmEN + /nO/ + /'paN/ |
| b) [kəmeo'paŋ] | b) /ko'melO'paN/ | b) /'kəmEnO'paN/ |
| | c) [ko'melo'paŋ] | c) ['kəmeno'paŋ] |

Representátese en (1) a inserción do alomorfo *o* ou 1ªF; en (2) a inserción do alomorfo *lo* ou 2ªF; en (3) a inserción do alomorfo *no* ou 3ªF. A simple vista, apréciase en (1) que as 1ªFs se insiren máis doadamente que as 2ªFs ou as 3ªFs, posto que, segundo defende Dubert (2004: 66), no proceso de inserción da 1ªF “non actúan as regras de axuste”. En (1a) aparece representada a estrutura morfolóxica e en (1b) o resultado fonético final como resultado da aplicación das regras fonolóxicas.

En canto a (2) e (3), vese en (2a) e (3a) a estrutura morfolóxica da secuencia, igual que en (1a). Pola contra, si que actúa para as 2ª e 3ªFs, en (2b) e (3b) respectivamente, unha regra de reaxuste, consistente na *subtracción* da consoante final da palabra que precede ao artigo. Grazas a esta regra, déixase a secuencia definitivamente preparada para que actúen as regras fonolóxicas. O resultado final, despois da aplicación das regras fonolóxicas, vémolos en (3b) e (3c).

Para Dubert (2004: 66 adaptado por min):

é evidente que a regra fonolóxica non é a que borra os segmentos /R/ ante /l/ ou /N/ ante /n/, xa que se así fose, non podería existir secuencias *-rl-* ou *-nn-*, pois as regras fonolóxicas actúan con independencia da categoría gramatical das unidades que se poñen en contacto e en tódolos contextos: [biR'louo] < /biR'louO/ ‘vir logo’, [es'taŋnosfa'lauo] < /ES'taŋnOS fa'laNdO/ ‘estannos falando’. Simplemente, /R/ e /N/ non existen na representación subxacente previa á actuación das regras fonolóxicas.

²³ Trask (1996: 300) defíneas como segue: “In some views of phonology, particularly those in which a fully elaborated syntactic structure is taken as the input to the phonological rules, a somewhat *ad hoc* type of rule which applies to the syntactic representation *before* any phonological rules proper apply, in order to provide a structure to which the phonological rules can apply to produce the correct output.

²⁴ Trask (1996: 273-274) defíneas como segue: “In the broadest sense, any rule which, in some analysis, is posited as involved in deriving a pronunciation from an underlying phonological representation.

Polo tanto, este autor defende que a regra que elide /S/, /R/ ou /N/ vén gramaticalmente condicionada, xa que ten que ter acceso e mencionar a categoría gramatical da palabra que contén o /l/ ou o /n/ dos alomorfos do artigo (Dubert, 2001: 94).

5.3 DISTRIBUCIÓN DOS ALOMORFOS DO ARTIGO DETERMINADO

Pola contra, “a condición que goberna a escolla do alomorfo non é estrictamente gramatical, senón máis ben fonolóxica” (Dubert, 2001: 93). Segundo di Dubert (2001: 93) non importa a clase gramatical das palabras que preceden ou seguen ao artigo. Como xa expuxemos ao longo deste traballo, a segunda forma do artigo pode aparecer tras verbos, adverbios, preposicións, cuantificadores etc. Tampouco importa se os segmentos elididos /s/ ou /r/ son partes dun expoñente ou expoñentes dalgunha propiedade gramatical: en *falámo-los dous* elimínase parte dun sufixo número persoal; en *anda-los animais*, parte dun sufixo modotemporal; en *polo camiño*, parte do significante da preposición *por* etc. Tampouco existe “ningún tipo especial de encorchetado sintáctico que produza ou bloquee automaticamente a escolla da 2FA” (Dubert, 2011: 94). Retomando os tres exemplos que vimos de expoñer: en *falámo-los dous* a frase nominal é suxeito dun verbo intransitivo nunha construción finita, en *anda-los animais*, suxeito dun infinitivo, e en *polo camiño*, o artigo pertence a unha frase nominal termo dunha preposición.

Se recordamos, falei en § 4.1.2 acerca dos termos *distribución libre* e *distribución complementaria*. Dado que xa fixen consideracións sobre eles, non as repetirei aquí. Non obstante, si quero indicar o que considera Dubert (2001: 95): “a relación morfolóxica de distribución complementaria que se establece entre a 1FA e a 2FA é supletiva”. Con isto quere dicir que nin *o* deriva de *lo*, nin *lo* deriva de *o*, senón que ambas formas²⁵ están almacenadas independentemente no léxico. Se aceptamos, isto, Dubert (2001: 95) chama a atención acerca de que “a selección dos alomorfos nos procesos morfolóxicos supletivos en galego adoita estar gobernada por restricións internas ó marco da palabra” e, non obstante, “o condicionamento fonolóxico que guía a selección do alomorfo do artigo non se sitúa no interior desta palabra, senón fóra dela”. Como xa sabemos, a condición para que aparezan as segundas formas é que a palabra anterior remate en /R/ ou /S/; para as terceiras, en /N/. Polo tanto, Dubert (2001: 96) defende que, para o caso do artigo

²⁵ Tamén a terceira forma *no*, obviamente.

determinado, “a sintaxe precede a morfoloxía”, xa que a escolla dos seus alomorfos non se pode efectuar ata que actuaron todas as regras sintácticas.

Para Dubert (2001: 103), isto supón unha nova dificultade. El considera que, se na orde de palabras básica en galego o suxeito precede ó verbo, poderíase interpretar unha secuencia do tipo *así faláde-los nenos* como unha derivación (motivada por factores informativos) de *os nenos falades así*. Se isto é certo, “durante toda a derivación a posición do determinante está baleira ata o final” (2001: 103):

<p>[ART DET-MAS-PL] nenos falades así</p> <p><i>os nenos falades así</i></p>	<p>[ART DET-MAS-PL] nenos falades así</p> <p>así falades [ART DET-MAS-PL] nenos</p> <p>así falades <i>los</i> nenos</p> <p>así faláde-<i>los</i> nenos</p>
--	--

Isto está relacionado con algo que mencionei antes (véxase § 5.2): a inserción da primeira forma do artigo leva aparelados moitos menos procesos que a inserción das segundas e terceiras formas. Dubert (2001: 103) considera que a primeira forma actúa por defecto e, polo tanto, a escolla dos alomorfos do artigo está relacionada coa condición “nos outros sitios (*elsewhere condition*)”. É dicir: “enxértese 2FA cando o artigo vaia precedido de /s/ ou de /t/; 3FA cando vaia precedido de segmento nasal; nos outros sitios, enxértese 1FA” (Dubert, 2001: 103).

5.4 PROSODIA E CLITIZACIÓN

Unha aproximación prosódica á morfoloxía do artigo determinado pode achegar novas conclusións. Como acabamos de ver, no referido á alomorfia do artigo, existen razóns para considerar que o proceso morfolóxico supletivo que selecciona algún dos alomorfos do artigo actúa despois de que as regras sintácticas dispoñan as palabras na orde que lles corresponde. Polo tanto, Dubert (2001: 98) propón unha análise da morfoloxía do artigo na que emprega unha serie de regras do marco da *fonoloxía léxica*. Estas son, as regras léxicas e posléxicas. As primeiras, prodúcense antes de enxertar a palabra na oración; as segundas, pola contra, prodúcense despois. Por exemplo, serían regras posléxicas a regra do rotacismo galego ou a regra de inserción das segundas e terceiras formas do artigo determinado. Non obstante, hai que ter en conta, que estas dúas regras, aínda que as dúas actúan despois da sintaxe, son diferentes polo tipo de información que as condiciona. A regra do rotacismo está só condicionada por información fonolóxica (regras *posléxicas* 2); a regra que insire os alomorfos do artigo

está condicionada por información gramatical ou léxica (regras *posléxicas 1* ou de *sandhi externo*).

Dubert (2001) bota man dunha das características das regras *posléxicas 1* para retomar a cuestión da pausa como condición indispensable para a aparición dos alomorfos do artigo. Se recordamos, dende a *Gramática* de Carballo Calero (1979⁷) ata os estudos estruturalistas, a ausencia da pausa considerábase indispensable para que aparecesen os alomorfos do artigo. Pois ben, Dubert (2001: 99) cre que a pausa non debe evitar nin a presenza da 2FA nin moito menos a regra de reaxuste posléxica que borra os segmentos finais da palabra que precede o artigo e di: “se se introduce unha pausa entre a palabra precedente e o artigo antes da selección da 2FA, xurdirán secuencias coma *facer ... as camas*; se a pausa se introduce despois da selección da 2FA, xurdirán secuencias como *face-las... camas*”.

Se recordamos, Dubert (2004: 62) consideraba que en secuencias do tipo *come-lo pan* podíamos considerar que *come-lo* é unha soa palabra fonolóxica. Fernández Rei (2002) está de acordo con esta consideración e matiza que, do mesmo xeito que existen regras *léxicas* ou *posléxicas*, existen tamén palabras prosodificadas lexicamente e palabras prosodificadas poslexicamente. Por exemplo, *pao* xa é etiquetada como *palabra fonolóxica* na compoñente léxica da lingua. Non obstante, en *lévao*, só *leva* se prosodifica como unha palabra independente, mentres que *o*, polo seu carácter de clítico, debe ser prosodificada poslexicamente xunto co seu anfitrión. Polo tanto, coincide con Dubert (2001) en que a regra que insire o alomorfo do artigo actúa poslexicamente (Fernández Rei, 2002: 25). Non obstante, esta autora vai un paso mais alá na análise prosódica do fenómeno.

Elisa Fernández Rei (2002) leva a cabo o seu estudo tomando como base o marco teórico da *fonoloxía prosódica*. Esta teoría “fundaméntase na constitución de unidades fonolóxicas que se forman a partir de información morfosintáctica, pero que son os dominios de actuación das regras fonolóxicas (Fernández Rei, 2002: 9). Polo tanto, mentres que Dubert precisaba na súa análise de dous tipos de regras posléxicas, unhas que botasen man de información fónica e outras que botasen man de información léxica, para Fernández Rei (2002: 9) non é necesario recuperar información morfosintáctica para a explicación ou formulación das regras que actúan nos dominios prosódicos.

Deféndese neste marco teórico que a compoñente prosódica é “un estadio intermedio entre a sintaxe a fonoloxía” (Fernández Rei, 2002: 12) e tamén a que organiza a cadea sonora en unidades fonolóxicas formadas a partir da información proveniente das compoñentes morfolóxica e sintáctica (Fernández Rei, 2002: 6). Existiría, polo tanto, unha *xerarquía prosódica* dividida en distintos dominios: sílaba (σ), pé métrico (Σ), palabra fonolóxica (ω), frase fonolóxica (Φ), frase de entoación (I) e enunciado fonolóxico (U). Cada un destes dominios caracterízase mediante as regras que se aplican neles, mais sen que necesariamente exista unha relación de isomorfismo con respecto á estrutura sintáctica.

Elisa Fernández Rei (2002: 41), centrase:

nas regras fonolóxicas de sandhi externo, pois o obxectivo que queremos alcanzar é establece-lo seu ámbito mínimo e máximo de actuación, é dicir, determinar cal é a fronteira entre as unidades da xerarquía prosódica, desde a palabra fonolóxica ata o enunciado fonolóxico, que estes procesos non poden traspasar. As regras que estudiaremos son a sonorización de /s/, a elisión vocálica e a coalescencia.

Só expoñerei neste traballo os datos relevantes no referente ao estudo do artigo determinado. Polo tanto, só me centrarei nos datos que Fernández Rei (2002) expón arredor da elisión vocálica e da coalescencia.

Esta autora parte da idea de que o ámbito mínimo de actuación da regra de elisión é a palabra fonolóxica (ω). Repara entón nas tres secuencias *Quere o libro* [o], *Quéreo libre* [eo] / *[o] e *Pétreo* [eo] / *[o] e di que a pesar de que o contexto segmental dos dous primeiros enunciados é case o mesmo e as vocais se encontran na mesma posición, só se produce a elisión no primeiro caso (Fernández Rei, 2002: 151). Polo tanto, Elisa Fernández Rei (2002: 152) expón que: se se considera que o artigo determinado ou o clítico de acusativo non conforman de seu ω s independentes, senón que, pola súa atonicidade, precisan de se xuntar a outra ω , entón en *Quere o libro* a elisión prodúcese por acontecer entre dúas ω s ([quere] ω [o libro] ω), mentres que en *Quéreo libre* a elisión bloquéase por estar no seo dunha ω ([quéreo] ω [libre] ω), ámbito mínimo da actuación desta regra.

Isto lévaa a postular que o artigo determinado é proclítico e forma unha ω co substantivo ao que determina. Para reafirmar a súa hipótese, Fernández Rei (2002: 154) analiza o que ocorre nas secuencias *A organista deu un concerto*, *Escoitaron a organista*, *Escoitaron a organista na igrexa da parroquia*, nas que o artigo se atopa en posición

inicial, final e medial da oración, respectivamente. Delas deduce, en primeiro lugar, que a posición do artigo non é un factor determinante e, en segundo lugar, que a opción maioritaria, agás nunha informante²⁶, é o hiato [ao]. É dicir, mantense o hiato [ao] porque *a organista* é unha soa palabra fonolóxica e, no seo destas, a regra de elisión bloquéase (Fernández Rei, 2002: 155).

Así e todo, ata agora só analizou a primeira forma do artigo determinado, da que deduciu que se clitizaba proclíticamente. Fernández Rei (2002: 155) indica que nos exemplos que ela manexa nos que intervén a segunda forma do artigo (*lo*) (*Queren ve-la organista* e *Queren ve-la organista canto antes*) a solución maioritaria é a elisión²⁷. Dado que a hipótese da que parte a autora é que a elisión se permite no seo da frase fonolóxica pero se bloquea no seo da palabra fonolóxica, Fernández Rei (2002: 156) conclúe que a primeira forma do artigo e a segunda se integran na estrutura prosódica de distinta maneira: o alomorfo *o* clitízase cara a dereita e forma unha palabra fonolóxica co substantivo ao que determina; e o alomorfo *lo*, pola contra, clitízase cara a esquerda e forma unha palabra fonolóxica coa palabra anterior, que como xa se expuxo ao longo deste traballo, podía ser case calquera palabra. Polo tanto, a primeira forma do artigo, *o*, sería proclítica e a segunda, *lo*, enclítica.

²⁶ Fernández Rei (2002: 154) cre que os datos desta informante non deben tomarse como representativos da regra da elisión: “Con todo, os exemplos desta informante non creo que se poidan encadrar dentro da regra de elisión: a secuencia [ou] resulta en [u:] e [oɔ] dá [ɔ:], por tanto, se ben é certo que se elide a primeira vocal da secuencia, esta elisión compénsase mediante o alongamento da segunda vocal. Se cadra sería máis preciso falarmos de coalescencia nestes casos”.

²⁷ Fernández Rei (2002: 160) matiza que a regra se bloquea ante unha vogal tónica, como na secuencia *O comandante, antes de da-la orde, ora en silencio*.

6 CONCLUSIÓNS

Unha vez exposta toda a información que considere de interese para os fins do meu traballo, dou pé ás conclusións. Á vista está que a morfoloxía do artigo determinado galego presenta unha serie de características que a converten nunha especie de “reto” gramatical. De feito, xa dende os inicios dos estudos gramaticais do galego está presente coma un dos trazos máis salientables da gramática da nosa lingua. Tanto é así que Saco Arce (1868) consideraba que os fenómenos “eufónicos” que acontecían en secuencias como [ko'melo' paŋ] eran sinal de que o galego, reducido a miúdo a un simple dialecto do español, era unha lingua de seu, cunha gramática complexa e, polo tanto, merecedora de estudo e dedicación. Independentemente das inconveniencias que, a día de hoxe, poidamos atopar nas páxinas da súa *Gramática*, como, por exemplo, a declinación do artigo galego mediante os casos clásicos, é indubidable, eu penso, a importancia que tivo a súa obra na nosa historia gramatical.

De feito, a *Gramática* de Carballo Calero (1979⁷) é continuadora da obra de Saco Arce. En certa maneira, creo que a obra deste autor non pode entenderse sen ter en conta o ámbito universitario no que circulou e para o que foi pensada. Non hai que esquecer que Carballo Calero escribiu a súa obra case cen anos despois de Saco Arce e, aínda que encadrei aos dous baixo a *Gramática tradicional*, é obvio que as ferramentas coas que contaba Carballo Calero eran maiores e os fins que perseguían ambos os dous autores eran, en certa medida, distintos. No referente á morfoloxía do artigo, cómpre destacar da *Gramática* de Carballo Calero (1979⁷), con respecto á de Saco Arce, unha serie de cuestións. En primeiro lugar, o máis destacable nunha primeira ollada é que Carballo Calero elimina do paradigma do artigo os casos latinos. Mais non só iso, ao entrar máis en profundidade, atopamos, por exemplo, que Carballo Calero fai referencia á atonicidade do artigo determinado e caracterízao como proclítico, é dicir, dependente da palabra que o precede. Ademais, pon un chanzo fundamental na análise que seguirán os autores posteriores: [ko'mero' paŋ] soa [ko'melo' paŋ] cando non hai pausa no falar. Aínda así, comparte con Saco Arce unha característica da que, polo xeral, non se prescindirá ata moi avanzada a historia: a confusión entre sincronía e diacronía. Saco Arce sabía que o artigo determinado galego procedía diacronicamente do demostrativo latino “*il-lo*”, xa que a perda do *-l-* intervocálico é caracterizadora da evolución histórica do galego; Carballo Calero postulaba que a contracción de preposición máis artigo *polo* proviña dunha asimilación dada nun antigo **porlo > pol-lo > polo*. Eses coñecementos de gramática

histórica condicionaban a súa análise e, considerando que o artigo só tiña una forma (*o*), explicaba secuencias do tipo [ko'melo' paŋ] aludindo a esa asimilación, que para el se seguía producindo na actualidade se non había unha pausa que a bloqueara.

Os autores do que denominei *Gramáticas dos dialectos* parece que xa superaron ese problema mais, non obstante, nalgúns deses estudos segue a falarse dun *l arcaico* ou dun *l arcaizante*. Así e todo, o termo asimilación xa non se emprega sincronicamente. Ponse o foco, pola contra, en que o artigo ten dous alomorfos (*o* e *lo*) en distribución complementaria ou distribución libre e nas consonantes finais ou arquifonemas de determinados items lingüísticos. Dáse, neste momento da nosa historia gramatical, ao meu ver, unha especie de profesionalización do estudo da morfoloxía do artigo. Apréciase isto, por exemplo, en que o modelo de lingua empregado como base para obter datos é a lingua oral, e non o galego escrito, como facían Saco Arce ou Carballo Calero. Tamén se aprecia en que estes autores (falo nomeadamente de Couceiro, Dapena e Taboada) consideran que o que lle acontece ás consoantes finais das palabras que preceden o artigo determinado é que desaparecen, non que se asimilan. Non obstante, isto debe ser matizado. No caso do alomorfo *lo* falan dunha neutralización de /R/ e /S/ finais nun arquifonema */L/ que se realiza como [l]. Por iso se pode oír *comer o pan* [ko'melo'paŋ] ou *comes o pan* ['kɔmelo'paŋ]. Pola contra, non atopamos información nestas obras sobre secuencias como *comen o pan* ['kɔmeno'paŋ]. Tampouco había información nin rexistro deste fenómeno nas obras de Carballo Calero e Saco Arce. Só aparecen rexistros de secuencias do tipo ['beno'sej], onde o implicado é o clítico de acusativo. A explicación que dan disto é que certas palabras ao ir seguidos deste pronome fan que o arquifonema /N/ se pronuncie alveolar e non velar, sempre que non haxa pausa no falar. Isto remítenos, de novo, ao argumento da pausa que propoñía Carballo Calero. Quizais, poderíamos pensar que a non documentación de secuencias como ['kɔmeno'paŋ] (con artigo, e non con clítico acusativo) se puidera deber á maior distancia entre /r/, /s/ e /l/ ca entre /n/ e /ŋ/, mais se isto fose así, non identificarían tampouco un alomorfo *no* para o clítico de acusativo (por exemplo, ['kɔmeno']) e, pola contra, si que o fan. Aínda así, isto debe ser matizado novamente: só se considera este alomorfo do clítico no caso das formas verbais rematadas en ditongo e non nas formas verbais rematadas en nasal.

Ata o de entón, os fenómenos que implican os alomorfos do artigo determinado aparecían categorizados por Saco Arce e Carballo Calero como fenómenos de carácter fonético-sintáctico. Nos estudosos das *Gramáticas dos dialectos* continúaase con esta

consideración. Non obstante, Taboada (1979) deixa sobre a mesa que para el son fenómenos “morfemáticos”, porque é a vogal do artigo a que os activa e non unha vogal calquera. É necesario, polo tanto, para activar o proceso, que haxa un acceso non só a información fonética, senón tamén a información gramatical ou léxica. Así e todo, isto xa se viña advertindo dende os inicios da historia gramatical galega. Simplemente, Taboada o que fai é deixalo por escrito e darlle un nome.

Nos estudos dos autores das *Gramáticas dos dialectos* había tamén un afán por elaborar unha listaxe de contextos onde o alomorfo *lo* podía ser seleccionado. Non obstante, será o traballo de Rosario Álvarez (1983) o primeiro no que apareza unha selección de contextos, feita de maneira exhaustiva e con datos tomados da xeneralidade do galego e non de falas locais. Ademais, esta autora non só o fai para o alomorfo *lo*, senón tamén para o alomorfo *no*. É escusado dicir, entón, que Rosario Álvarez (1983) propón que o artigo non só ten dous alomorfos en distribución complementaria, senón que ten tres: *o*, *lo* e *no*. Desbota tamén a idea do arquifonema */L/ pero non menciona a desaparición de /R/ ou /S/ ao seleccionar *lo*. En canto a ese terceiro alomorfo *no*, do que ata o momento non se falara nos estudos gramaticais do galego, é, de certo modo, incoherente. Fala dun alomorfo *no* pero considera que a nasal pertence á palabra precedente. Entón, postula que o que ocorrería na secuencia ['kɔmeno'paŋ] é que o arquifonema nasal /N/, que en posición implosiva final sempre se realiza como velar, é realizado como alveolar só se vai seguido do artigo. Dese modo, a nasal tanto pertencería ao artigo, por formar parte do alomorfo, como á palabra que o precede, por ser tamén expoñente do arquifonema nasal.

Parece, logo, que neste momento non hai problemas na aceptación do alomorfo *lo*, mais si no referente á existencia dun posible alomorfo *no* do artigo determinado. Desta situación xurdirá un debate, no que os estudosos da morfoloxía do artigo poñerán os seus esforzos a partir de agora. Dese xeito, Álvarez / Regueira / Monteagudo (1986) consideran que o artigo só ten dous alomorfos (*o* e *lo*). Para eles, o que acontece en ['kɔmeno'paŋ] é que a presenza da primeira forma do artigo provoca que o arquifonema /N/ se realice, excepcionalmente, alveolar. Non obstante, Álvarez / Xove (2002) consideran que si hai un terceiro alomorfo *no*, mais non deixan claro, que ocorre coa nasal final. Independentemente diso, estes autores fan explícito por escrito por primeira vez que as unidades caracterizadas pola presenza do(s) alomorfo(s) do artigo determinado deben ser consideradas como unha única palabra a efectos de acentuación que, ademais, resulta

inanalizable en compoñentes, dado que tanto [l] como [n] pertencen tanto ao artigo como á palabra anterior.

A obra de Freixero Mato (2006) supón unha excepción á tradición gramatical dos estudos que mencionei ata agora. Para empezar, nela non se considera que o artigo constitúe unha clase gramatical de seu, senón que pertence á clase dos pronomes. Ademais, desbota a idea que apuntara Taboada (1979) acerca do carácter morfolóxico dos procesos que se vinculan cos alomorfos do artigo e son clasificados como procesos fonético-sintácticos que, ademais, son opcionais, dependentes da velocidade de fala e caracterizadores dun estilo descoidado.

Os últimos autores que consultei e que dedicaron unhas verbas ao estudo do artigo determinado foron Dubert (2001 e 2004) e Elisa Fernández Rei (2002). Dubert considera que os alomorfos do artigo son tres: *o*, *lo* e *no*. Defende que considerando isto se elimina unha excepción nas regras fonolóxicas do galego, xa que desta maneira a nasal pertencería á terceira forma do artigo e non existiría unha excepción pola que /N/ en posición implosiva final se realizaría alveolar; sería sempre velar. Ademais, considera que non é conveniente introducir, nas regras fonolóxicas do galego, excepcións motivadas gramaticalmente (hai que mencionar o artigo determinado pois só a súa vogal activa eses procesos). Desa maneira, considera que o proceso que conforma as secuencias [ko'melo'paŋ] e ['kōmeno'paŋ] é o mesmo. Propón que na inserción dos alomorfos do artigo actúan dúas regras: primeiro, unha regra de reaxuste, que teña acceso a información léxica e borre os segmentos finais da palabra precedente (/R/, /S/ ou /N/) mediante unha subtracción; despois dela, actuaría unha regra fonolóxica mediante a cal se obterían as ditas secuencias. Así e todo, a condición que selecciona un ou outro alomorfo non é gramatical, senón fonolóxica, xa que é a existencia de, en principio, calquera /R/ ou /S/ a que selecciona o alomorfo *lo*, e a existencia de /N/ a que selecciona o alomorfo *no*.

Considera tamén que a relación de distribución complementaria que se establece entre os alomorfos do artigo é supletiva. É dicir, non proceden uns dos outros, senón que están listados independentemente no léxico. Isto permítelle comentar unha das dificultades ás que se hai que enfrontar ao querer encarar este problema gramatical: nos procesos supletivos, a condición que elixe unha forma ou outra está motivada por factores internos, namentres que o condicionante que elixe as formas do artigo está motivado por factores externos a elas: está na palabra anterior, posto que son as consoantes finais da palabra que precede o artigo as que seleccionan un ou outro alomorfo. Dese xeito, cre

que, no caso do artigo determinado, a sintaxe precede á morfoloxía, posto que non se pode determinar que alomorfo se emprega ata que todos os elementos sintácticos están dispostos na frase.

Polo tanto, para Dubert existe unha relación moi estreita de carácter morfolóxico entre o artigo e a palabra anterior aínda que, sintacticamente, por exemplo, sexan independentes: en *comer o pan*, o artigo relaciónase directamente co substantivo *pan* co que forma unha frase nominal. Esa relación permítelle postular que o artigo determinado, átono, se comporta coma un clítico e conforma unha unidade fonolóxica coa unidade que o precede.

É obvio, polo tanto, que unha aproximación á morfoloxía do artigo a través dun marco teórico que contemplase a existencia dunha unidade chamada *palabra fonolóxica* achegaría novos e interesantes datos. O marco teórico en cuestión é a *fonoloxía prosódica*. Deste xeito, Elisa Fernández Rei (2002), baseándose nel, determina que só a segunda forma do artigo forma unha palabra fonolóxica coa unidade precedente, mentres que a primeira forma do artigo o fai coa unidade que a segue. Chega a esa conclusión partindo da hipótese de que a elisión se bloquea no seo da palabra fonolóxica. Entón, fai unha serie de probas do tipo: se na secuencia *quere o libro* se permite unha elisión que leve a unha pronuncia *quer' o libro*, significa que verbo e artigo non conforman unha mesma palabra fonolóxica. Polo tanto, conclúe que, como os alomorfos do artigo son unidades átonas, compórtanse coma clíticos, mais, non obstante, teñen direccións de clitización opostas.

A xeito de colofón, creo que, ademais da información lingüística que ten, este traballo serve para facer un pequeno percorrido polas etapas nas que se pode dividir a historia das *Gramáticas* do galego e poñer en valor cada unha delas. Nun primeiro momento, a dificultade é erguer dende cero unha tradición gramatical; máis tarde, os esforzos dirixíranse a tentar dar conta, de xeito xeral, da *estrutura* da lingua e dos fenómenos lingüísticos que nela ocorren; e unha vez asentados os cimentos, tentárase acadar unha visión pormenorizada de cada unha das partes da lingua, coa dificultade engadida de que a lingua está viva e suxeita a variación, da que tamén debemos dar conta.

Sexa como for, unha das cousas máis importantes que aprendín despois de realizar este traballo foi que, independentemente de estar de acordo coa interpretación dos feitos dun autor, vello ou actual, non debemos descalificalo, senón entender cada consideración

lingüística no seu contexto e, no caso de non estar de acordo, argumentar de xeito crítico e razoado as razóns da nosa desconformidade.

Ao final, todas as *Gramáticas* que consultei contribuíron e contribúen ao mesmo: ao estudo e á dignificación da lingua galega.

7 BIBLIOGRAFÍA

- ALGa II = Instituto da Lingua Galega (1995): *Atlas Lingüístico Galego. Volume II. Morfoloxía non Verbal*. A Coruña. Fundación Barrié de la Maza.
- Álvarez, Rosario (1983): “O artigo en galego. Morfoloxía”, *Verba* 10, 169-182.
- Álvarez, Rosario (1991): “O sistema fonolóxico do galego. Comparación co do portugués” en Dieter Kremer (ed.), *Actes du XVIIIe Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*, vol. III. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, 517-530.
- Álvarez, Rosario / Xosé Luís Regueira / Henrique Monteagudo (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- Álvarez, Rosario / Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Carballo Calero, Ricardo (1979⁷): *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia (1ª ed. Vigo, 1966).
- Cidrás Escáneo, Francisco / Francisco Dubert García (2017): “A gramática galega, un río de curso curto e sinuoso. Panorama histórico dos estudos gramaticais sobre o galego”, *LaborHistórico* vol. III (nº 1), 111-125. Recuperado de <https://revistas.ufrj.br/index.php/lh/article/view/17110> [06/02/2021].
- Costas González, Xosé Henrique (1988): “O trazo entre o verbo e o pronome átono enclítico”, *Grial* nº 100, 192-198.
- Couceiro, José Luís (1976): *El habla de Feás*. Anexo 5 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Dubert García, Francisco (1999): *Aspectos do galego de Santiago de Compostela*. Anexo 44 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Dubert García, Francisco (2000): “Sons e letras nas gramáticas clásicas do galego” en José Luís Rodríguez (ed.), *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, vol. I. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela / Parlamento de Galicia, 463-476.
- Dubert García, Francisco (2001): “A alomorfía do artigo definido galego á luz da fonoloxía prosódica” en Xosé Luís Regueira / Alexandre Veiga (eds.): *Da*

gramática ó dicionario. Estudos de lingüística galega. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 91-105.

Dubert García, Francisco (2004): “Acheegas para a morfoloxía do pronome acusativo de P₃ e do artigo determinado en galego”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*, vol. IV. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 59-69.

Dubert García, Francisco (2018): “A gramática na gramática de Saco Arce”, *Boletín da Real Academia Galega* nº 379, 365-383.

Fernández Rei, Elisa (2002): *Regras fonolóxicas posléxicas e regras precompiladas de alomorfa sintagmática: dominios prosódicos en galego*. Tese de doutoramento. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Fernández Rei, Francisco (1991): “O instituto da Lingua Galega (1971-1990). Contribución á investigación e á normalización do galego” en Mercedes Brea / Francisco Fernández Rei (coords.), *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 15-46.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006a): *Gramática da lingua galega I. Fonética e fonoloxía*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006b): *Gramática da lingua galega II. Morfosintaxe*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.

Hermida Gulías, Carme (1991): “O alomorfo *lo* do artigo nas cantigas medievais”, *Cadernos de lingua* 4, 71-85.


Lugrís Freire, Manuel (1931²): *Gramática do idioma galego*. A Coruña: Imprenta Moret. (1ª ed. 1922).

Lyons, John (1971): *Introducción en la lingüística teórica*. Barcelona: Teide (tradución de Ramón Cerdá de *Introduction to the theoretical linguistics*. Cambridge: Cambridge University Press, 1968).


Mariño Paz, Ramón (2002): “A obra lingüística de Carvalho Calero”, en Teresa López / Francisco Salinas Portugal (eds.), *Actas do Simposio Carvalho Calero: memoria do século*. A Coruña: Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña / Asociación Socio-Pedagóxica Galega, 67-106.

- NOMIG* = Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (2012²³): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Santiago de Compostela / A Coruña: Galaxia (1ª ed. Vigo, 1982).
- Porto Dapena, José Álvaro (1977): *El gallego hablado en la comarca ferrolana*. Anexo 9 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Regueira, Xosé Luís (1996): “Os estudos de lingüística galega” en Ramón Lorenzo / Rosario Álvarez (coords.), *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 47-67.
- Saco Arce, Juan Antonio (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Imprenta de Soto Freire.
- Sánchez Rei, Xosé Manuel (2008): “Algunhas observacións sobre a *Gramática elemental del gallego común* de Ricardo Carvalho Calero”. *Madrygal* 11, 101-112.
- Taboada Cid, Manuel (1979): *El habla del valle de Verín*. Anexo 15 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Trask, Robert Lawrence (1993): *A Dictionary of Grammatical Terms in Linguistics*. London: Routledge.
- Trask, Robert Lawrence (1996): *A Dictionary of Phonetics and Phonology*. London: Routledge.
- Williams, Edwin Bucher (1986): *Do latim ao português. Fonologia e morfologia históricas da lingua portuguesa*. Rio de Janeiro: Tempo brasileiro (tradución de António Houaiss de *From Latin to Portuguese. Historical Phonology and Morphology of the Portuguese Language*. Philadelphia: University of Pennsylvania Press, 1938).


ANEXOS




Mapa 1 (ALGa II, 1995: 235)



Mapa 2 (ALGa II, 1995: 239)



Mapa 3 (ALGa II, 1995: 239)



Mapa 4 (ALGa II, 1995: 237)